

PASCUA de Padrón 2018

Concello de Padrón

CENTRO DE PRODUCCIÓN FRANCIA

CENTRO DE PRODUCCIÓN CORTIZO PADRÓN

FUNDICIÓN ASTURIAS

CENTRO DE PRODUCCIÓN CORTIZO PVC - STAC - PICUSA PADRÓN

CENTRO DE LOGÍSTICA LISBOA

CENTRO DE PRODUCCIÓN CORTIZO CANARIAS

CENTRO DE PRODUCCIÓN CORTIZO POLONIA

CENTRO DE PRODUCCIÓN CORTIZO ESLOVAQUIA

CENTRO DE LOGÍSTICA BUCAREST

CENTRO DE LOGÍSTICA CATALUÑA

CENTRO DE PRODUCCIÓN CORTIZO MANZANARES

NORUEGA
FINLANDIA
SUECIA
ESTONIA
LETONIA
LITUANIA
DINAMARCA
GRAN BRETAÑA
HOLANDA
BÉLGICA
LUX.
ALEMANIA ESTE
ALEMANIA OESTE
Varsovia
REPÚBLICA CHECA
Pardubice
Bratislava
AUSTRIA
SUIZA
FRANCIA
HUNGRÍA
UCRANIA
MOLDAVIA
Cluj
Bacau
ESLOVENIA
Zagreb
CROACIA
RUMANÍA
Timisoara
Bucarest
BOSNIA-HERZEGOVINA
SERBIA
MONTENEGRO
MACEDONIA
Cantabria
León
Ourense
Álava
Vila do Conde
Zamora
Burgos
Valladolid
Lisboa
Cáceres
Madrid
Zaragoza
Girona
Valencia
Mallorca
Ibiza
Menorca
Lanzarote
Fuerteventura
Gran Canaria

CENTRO DE PRODUCCIÓN
Centro de logística y distribución
Delegación comercial

CORTIZO

SISTEMAS DE ALUMINIO Y PVC PARA LA ARQUITECTURA

DATOS DEL GRUPO

2.800 EMPLEADOS

554 MILLONES DE FACTURACIÓN

9 CENTROS DE PRODUCCIÓN

31 CENTROS DE DISTRIBUCIÓN Y LOGÍSTICA

PRESENCIA EN **31** PAÍSES

TONELADAS VENDIDAS 2017: **75.798 t**

www.cortizo.com

RELOJERÍA
JOYERÍA
PLATERÍA

DISTRIBUIDOR OFICIAL
CERÁMICA GALOS

Joyería
Jorge Cortiñas

Rúa Longa, 43 - Tel./Fax 981 81 19 04
15900 PADRÓN (A Coruña)
joyeria@jcortinas.e.telefonica.net

Saúdo do alcalde

Estimados padroneses/as e visitantes:

Hai máis de 400 anos, o cóengo cardeal de Compostela Jerónimo del Hoyo, despois de percorrer estas terras nunha prolongada visita pastoral, referíase xa á existencia de cinco feiras en Padrón cualificándoas como "as mellores do Reino" e, entre telas, destacaba a de Pascua, que duraba tres días, como unha das mellores.

Aquela feira de mercadorías e gando, documentada nun extenso manuscrito que forma parte das Memorias do Arcebispado de Santiago, sérvenos para acreditar que as Festas da Pascua de Padrón, tal e como as coñecemos hoxe, son a evolución e adaptación aos novos tempos dunha tradición secular.

Permitídeme que incorpore aquí esta referencia ás orixes da nosa Pascua, porque quero que saibades que estamos a tramitar o expediente de solicitude para a súa declaración como Festa de Interese Turístico de Galicia e considero que a antigüidade, as raíces históricas, a continuidade no tempo e a implicación de todo o pobo de Padrón son cuestións que deben ser valoradas na súa xusta medida.

A día de hoxe, a Pascua de Padrón, que pretendemos converter na Pascua de Galicia, xa é a primeira gran celebración da primavera en toda a contorna; unha celebración que programa preto dun cento de actividades durante 18 días, conxungando a vertente relixiosa coa cultural, a deportiva, a músical, a gastronómica, co tempo de lecer e coa especial afección que hai nesta bisbarra ao mundo dos cabalos.

As Festas da Pascua agochan en si mesmas centos de motivos polos que achegarse ata Padrón, pero convértense tamén nunha das nosas mellores tarxetas de visita cara ao exterior, xunto cos pementos, a lamprea, Rosalía de Castro, Camilo José Cela e o Camiño Portugués, entre outros moitos atractivos. Por iso, pídovos a todos os padroneses e padronesas que volvades exercer un ano máis por estas datas como os mellores anfitrións, para que os milleiros de persoas que nos visitarán estes días marchen de Padrón coa necesidade de voltar máis veces.

Por último, quero agradecer desde aquí o traballo e o esforzo de todas as persoas que fan posible as Festas da Pascua e a todos aqueles autores e anunciantes que seguen a colaborar na edición deste libro, converténdoo nunha mirada retrospectiva cara aspectos relevantes da nosa historia, pero tamén nunha crónica oficial do que ano tras ano acontece no noso concello.

Agora é o momento de esquecer os problemas cotiás e de entregarse por completo ás Festas da Pascua, gozando sempre con intensidade pero con moderación.

Boas festas!

E viva a Pascua de Padrón!

Antonio Fernández Angueira
Alcalde de Padrón

almacenes eladio

elaplast sar, s.l. agrideco, s.l.

Deséxanlles
boas festas

DROGARIA BRICOLAXE LIMPEZA
PERFUMARIA SEMENTES DECORACION
HORTICULTURA PAPELARIA MENAXE

PADRON. Rua de Castelao 27-29 Tel. 981 810 959 Fax. 981 811 967
PADRON. Comercial agrícola. Rua de Castelao 25. Tel. 981 810 959
SANTIAGO. Av. San Lázaro 75. Tel. 981 581 515 Fax. 981 554 767
CALDAS DE REIS. Rua Real 75. Tel./Fax. 886 215 398

comercial@almaceneseladio.com

Organización da **Pascua de 2018**

Presidente de Honra
Antonio Fernández Angueira

Organización e Coordinación:

Concelleira de Cultura
Lorena Couso Dopazo

Concelleiro de Festexos
Ángel Rodríguez Conde

Concelleiro de Deportes
Andrés Sanmarco Santos

Concelleiro de Obras
José Ramón Pardo Andrade

Concelleiro de Servizos
Francisco Javier Guillán Iglesias

Fotografías:

Kiko Piñón
Ángel Rey Castro
Vicente Domínguez
Antonio Fernández Muñiz
Arquivo

Deseño e maquetación: wecom

Edita: Concello de Padrón

Imprime: Gráficas Lasa

Depósito Legal: C 298 - 2018

índice de contidos

9 Limiar
Lorena Couso

11 Programación
de actividades

25 Programa
da Semana Santa padronesa

29 Persoas e entidades homenaxeadas pola Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón

31 O municipio de Padrón
Juan Ramón Baliñas Bueno

38 Padrón monumental
Juan Ramón Baliñas Bueno

45 Bendición da igrexa de Santiago Apóstolo en 1867
Ángel Rey Castro

47 Dez anos non son nada
Charanga o Santiaguiño

48 Empresas padronesas
Juan Ramón Baliñas Bueno

56 Cincuenta anos de saudade estudantil
Gonzalo Manuel Castaño Solar

61 Os aproveitamentos hidroeléctricos no río Ulla
X. Carlos Beiró Piñeiro

66 Dr. D. José Sebe Méndez: médico de vocación e padronés de corazón
Arturo Manuel Reboyras Villaverde

70 Lembrando a Ángel Grela López
Ángel Rey Castro

76 Acerca da tumba de D. Alonso de la Peña Rivas e Montenegro
Ángel Rey Castro

82 Olladas
Germán Cruces Rajoán

86 As lidas de xovencos na vila de Padrón
Eloy Rodríguez Carbia

94 A capela de Santiago na colexiata de Iria
Julio Cortizo Sóñora

100 Artesanía padronesa: os zapateiros
Finita Villaverde

108 O Cortizo-Anova pechou o 2017 con máis de vinte vitorias, medio cento de podios e catro campións autonómicos

116 O son das campás
Alberto Rey Castro

119 A taberna do pan de millo
Carlos Blanco Arca

126 Para ti, viaxeiro
José Castro Cajaraville

138 Padrón, onte e hoxe (fotografías)
Kiko Piñón

153 Padrón na memoria (fotografías)
Antonio Fernández Muñiz

167 Padrón: estampas da historia (fotografías)
Ángel Rey Castro

O Concello de Padrón non é responsable do contido dos artigos, que corresponde unicamente aos/ás autores/as

Andión, Sanmartín & Fernández Angueira

Avogados S.C.P.

DEREITO CIVIL

Herdanzas
Divorcios/Separacións
Reclamacións de cantidades
Arrendamentos
Desafiuzamentos

DEREITO MERCANTIL

Contratos mercantís
Constitución de sociedades
Reclamacións bancarias
Reclamacións ao seguro
Renegociación de débedas

DEREITO LABORAL

Pensións
Contratación
Despidos
Indemnizacións
Siniestralidade laboral

DEREITO PENAL

Alcolemia
Accidentes de tráfico
Violencia de xénero

881 979 041
881 979 043

Rúa Real nº 29, 1º D - Padrón
Avda. Ponteareas nº 40, 3º B - A Estrada

Limiar

Non se me ocorre mellor maneira de abrir este Libro da Pascua de 2018 que recuperando o inicio do pregón que Camilo José Cela ofreceu como preludio das festas de 1985 e tamén dúas estrofas dun extenso poema que o coñecido como "o poeta zapateiro", Xesús San Luís Romero, publicou en 1926 no primeiro Libro da Pascua que lembramos.

E é que, desde o ano 1957, esta publicación forma parte indisoluble e ininterrompidamente da tradición das nosas Festas da Pascua. Nestas páxinas escribiron destacados artigos insignes persoeiros como Otero Pedrayo, Antón Fraguas, Modesto Figueiredo, Abuín de Tembra, etc., pero tamén padroneses e padronesas de menor renome pero co mesmo afán de rescatar da lembranza historias e pensamentos merecentes de ser contados.

Como xa escribía Masito Beiró na década dos 60, estes Libros da Pascua "son uns libros feitos baixo a sombra de Rosalía, que como ben di o padronés Camilo José Cela logrou converter os choros en orballo e o orballo en poesía; que exteriorizan o bo e o malo, os gustos e os disgustos, o mortal e o inmortal, unhas veces en forma de libros antifonarios e outras de libros do destino e sibilinos".

Permítome eu engadir que estas páxinas non só serven para divulgar o programa de actividades das Festas da Pascua e recuperar trazos da nosa historia, senón que tamén constitúen unha auténtica fiestra aberta ao mundo para as máis de 200 empresas e negocios locais que se anuncian aquí.

> *"Padroneses de nación, de vocación y de adopción. Hombres y mujeres de la villa y de la Esclavitud, de Carcacía y de Cruces, de Herbón y de la Retén, de Iria y de Roucón, de Rumille, de Extramundi y de los mil rincones propicios y amorosos. Forasteros -si alguien consigue sentirse forastero en esta villa que los abraza y los integra-, extranjeros y transeúntes. A todos: salud y paz"*
>
> Camilo José Cela

> *"Foche a terra, Padrón, qu´alcobixaches*
> *A excelsa, a divina Rosalía,*
> *E do bico seu d´ouro lle escoitaches,*
> *Os versos tan subrimes, de valía.*
> *C´o teu ceu y-o teu valle tí a inspiraches*
> *Pra qu´o mundo gozase a poesía*
> *D´esa santa, qu´ardendo en sentimento*
> *Para cantalo, Dios doulle o instrumento"*
>
> *"Pelegrinos de Cataluña, aragoneses,*
> *Hóspedes hoxe d´esta nobre Vila,*
> *Bañaibos n´a súa tradición cen veces,*
> *Pois se fé arreigada non troixeses,*
> *D´aquí non vos iredes sen sentila"*
>
> Xesús San Luís Romero

A todos eles, e por suposto á quincena de autores que participan coa publicación doutros tantos artigos e fotografías, quero darlles as grazas persoalmente e en nome de todo o pobo de Padrón pola súa xenerosidade. E aproveito para convidalos a pensar xa no libro de 2019 mentres gozan destas Festas da Pascua, que esperamos que sexan do agrado de todos.

Pascueiras e Pascueiros, viva a Pascua!

Padronesas e padroneses, viva Padrón!

Lorena Couso
Concelleira de Cultura

Pirotecnia LÓPEZ, S.L.®

FABRICACIÓN, VENDA E DISPARO DE TODA CLASE DE FOGOS ARTIFICIAIS

Lg. Guitiande, 43 - Os Ánxeles.
15280 BRIÓN (A Coruña)

Fábrica: Montecubelas-Viceso

Teléfonos: 981 887 278 - 630 916 281 • Fax: 981 509 979

info@pirotecnialopez.com

CORAUTO

NEUMÁTICOS - MECÁNICA - ELECTRICIDAD
RECAMBIOS - COMPRAVENTA

EXTRAMUNDI DE ABAIXO, 45 15910 PADRÓN
corautoneumaticos@gmail.com
981 817 314

BOXXES by MAXXIS
Haz tu parada

Café - Bar

CENTRAL PERK

C/Alonso de la Peña nº1 bajo derecha
Telf. - 881 12 06 13

PASCUA 2018 de Padrón

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Venres 23 de marzo

22.00 Sesión Nocturna, na Praza Ferreiros, a cargo do grupo Zapa (organizan Airiños e A Esquina)

Sábado 24 de marzo

9.00 *XXXI Raid Cabalar Pascua 2018*, organizado polo Club Hípico Acivro, no Santiaguiño do Monte. Proba puntuable para o Campionato Galego de Xinetes de Raid (0*, P.60 e P.40)

10.00 Inauguración do *Campionato Galego de Xadrez 2018* no Hotel Scala (Absoluto, Feminino, Veteráns, Sub-16, Sub-12, Sub-10 e Sub-8)

Domingo 25 de marzo (Domingo de Ramos)

10.00 *Campionato Galego de Xadrez 2018* no Hotel Scala (Absoluto, Feminino, Veteráns, Sub-16, Sub-12, Sub-10 e Sub-8)

Luns 26 de marzo

10.00 *Campionato Galego de Xadrez 2018* no Hotel Scala (Absoluto, Feminino, Veteráns, Sub-16, Sub-12, Sub-10 e Sub-8)

Comezo do *Campionato de Tenis Pascua 2018*, organizado polo Club de Tenis Padrón, nos pavillóns do Souto e do Grupo Escola

16.00 *VII Torneo de Fútbol Base Galipark-Concello de Padrón* (Fase Terras de Iria, nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín), no campo de fútbol municipal multiusos de Extramundi

Martes 27 de marzo

10.00 *Campionato Galego de Xadrez 2018* no Hotel Scala (Absoluto, Feminino, Veteráns, Sub-16, Sub-12, Sub-10 e Sub-8)

Campionato de Tenis Pascua 2018, organizado polo Club de Tenis Padrón nos pavillóns do Souto e do Grupo Escolar

16.00 *VII Torneo de Fútbol Base Galipark-Concello de Padrón* (Fase Terras de Iria, nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín), no campo de fútbol municipal multiusos de Extramundi

Mércores 28 de marzo

10.00 *Campionato de Tenis Pascua 2018,* organizado polo Club de Tenis Padrón nos pavillóns do Souto e do Grupo Escolar

16.00 *VII Torneo de Fútbol Base Galipark-Concello de Padrón* (Fase Terras de Iria, nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín), no campo de fútbol municipal multiusos de Extramundi. Finais e entrega de premios

17.00 *Campionato Galego de Xadrez 2018* no Hotel Scala (Absoluto, Feminino, Veteráns, Sub-16, Sub-12, Sub-10 e Sub-8)

Día do Baloncesto. Os/as rapaces/as das escolas deportivas e do Club de Baloncesto do Concello de Padrón gozarán dunha xornada de baloncesto nas prazas da vila (Praza de Macías, Praza Rodríguez Cobián, Praza Ramón Tojo e Praza do Fondo da Vila) e recibirán a visita de dous xogadores do Monbus Obradoiro CAB.

Xornada de portas abertas no Centro de Día Iglemen (rúa Pasaxe do Sar, nº 2) cunha charla explicativa sobre a Pascua e unha merenda para as persoas da Terceira Idade

Xoves 29 de marzo (Xoves Santo)

9.00 *III Torneo de Pascua de Fútbol Sala*, nos Pavillóns do Souto e do Grupo Escolar (organizado pola AD Tiria con carácter benéfico a favor de Cáritas Padrón)

VII Torneo de Fútbol Base Galipark-Concello de Padrón (Fase Autonómica, nas categorías benxamín e alevín), no campo de fútbol municipal multiusos de Extramundi

12.00 Inauguración da exposición fotográfica ao aire libre de Vicente Domínguez, na rúa Fondo da Vila, onde continuará ata o día 8 de abril, Domingo de Pascuilla

17.00 *Campionato Galego de Xadrez 2018* no Hotel Scala (Absoluto, Feminino, Veteráns, Sub-16, Sub-12, Sub-10 e Sub-8)

Venres 30 de marzo (Venres Santo)

9.00 *III Torneo de Pascua de Fútbol Sala*, nos Pavillóns do Souto e do Grupo Escolar (organizado pola A.D. Tiria con carácter benéfico a favor de Cáritas Padrón)

VII Torneo de Fútbol Base Galipark-Concello de Padrón (Fase Autonómica, nas categorías benxamín e alevín), no campo de fútbol municipal multiusos de Extramundi

10.00 *Campionato Galego de Xadrez 2018* no Hotel Scala (Absoluto, Feminino, Veteráns, Sub-16, Sub-12, Sub-10 e Sub-8)

14.00 Clausura e entrega de premios do *Campionato Galego de Xadrez 2018*, no Hotel Scala

16.00 *Campionato de Tenis Pascua 2018*, organizado polo Club de Tenis Padrón, no pavillón do Souto

Fase final e entrega de trofeos do *III Torneo de Pascua de Fútbol Sala* (organizado pola AD Tiria con carácter benéfico a favor de Cáritas Padrón), no pavillón do Grupo Escolar

Sábado 31 de marzo (Sábado de Pascua)

10.00 Gran salva de bombas anunciando as Festas de Pascua 2018, a cargo de Pirotecnia López

Seminifinais do *Campionato de Tenis Pascua 2018*, organizado polo Club de Tenis Padrón, nos pavillóns do Souto e do Grupo Escolar

10.45 *XXXIX Gran Carreira Popular*, na Praza de Macías

14.00 Sesión Vermú, no Paseo do Espolón (diante da estatua de Rosalía de Castro), a cargo do grupo *Unión y Fuerza*

16.00 *Torneo de Fútbol Afeccionado de Pascua* no campo municipal de fútbol de Extramundi, coa participación dos seguintes equipos: Sar, Carcacía, Escravitude e Flavia

Final feminina do *Campionato de Tenis Pascua 2018*, organizado polo Club de Tenis Padrón, nos pavillóns do Souto e do Grupo Escolar

17.30 Animación polas rúas coa charanga O Santiaguiño

Final masculina do *Campionato de Tenis Pascua 2018*, organizado polo Club de Tenis Padrón, nos pavillóns do Souto e do Grupo Escolar

18.00 Inauguración da *XLVIII Feira-Exposición de Maquinaria Agrícola e Industrial*, detrás do campo de fútbol (a carón da Gardaría Municipal)

21.00 Pregón inaugural das Festas de Pascua 2018, na Praza de Macías, a cargo da actriz Cristina Castaño. Ao remate do pregón, actuación da Banda de Música Municipal de Padrón.

21.30 Sesión Solpor, no Paseo do Espolón, co grupo *Unión y Fuerza*

22.30 Gran espectáculo musical, na Praza do Fondo da Vila, a cargo da *Orquestra Olympus* (pases de 22.30 a 00.00 horas e de 2.30 a 4.00 horas)

00.00 *Festival PopTour Padrón 18* con Miguel Costas (Siniestro Total), Santi Sánchez e amigos (Ex Inhumanos 1988/2003), Carmelo López (El Norte) e Juanra (Guaraná) na praza Macías.

4.00 Sesión Fin de Festa, no Paseo do Espolón, a cargo do grupo *Unión y Fuerza* Domingo 1 de abril (Domingo de Pascua)

Cristina Castaño

Miguel Costas

TAVIGOSA

SANTIAGO ☎ 981 581 400 tavigosa@tavigosa.com PADRÓN ☎ 981 811 106

VEHÍCULOS NUEVOS Y DE OCASIÓN

Talleres
Recambios
Ventas

Rúa José Villar Granjel 9-13
Polígono Industrial Boisaca
15890 Santiago de Compostela

Domingo 1 de abril (Domingo de Pascua)

9.00 Inauguración da tradicional Feira Cabalar, no Campo da Barca

Inscricións nos concursos morfolóxicos.

Apertura da *XLVIII Feira-Exposición de Maquinaria Agrícola e Industrial*, detrás do campo de fútbol (a carón da Gardaría Municipal)

10.00 Feira Cabalar. Concurso morfolóxico de Pura Raza Española (PRE): poldros ata 3 anos, poldras ata 3 anos, eguas de 4 anos en adiante e sementais de 4 anos en adiante. Premios especiais aos mellores movementos e ao mellor exemplar criado en Galicia

II Campionato Pascua de Padrón de Agility, no campo de fútbol do Souto (entrada gratuíta). Torneo puntuable pola Federación Galega de Agility. Probas de superación de circuítos e exhibición de Mantrailing por parte da Unidade Canina de Rescate (UCAR) de Padrón

11.00 Pasarrúas a cargo da Banda de Música Municipal de Padrón

11.30 Pasarrúas a cargo do grupo folclórico A.C. San Pedro de Carcacía, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas padronesas

Feira Cabalar. Espectáculo ecuestre de doma clásica a cargo de Alejandro Nande (integrante do equipo español)

12.00 Feira Cabalar. Concurso morfolóxico de cruzados: poldros ata 3 anos, poldras ata 3 anos, eguas de 4 anos en adiante e sementais de 4 anos en adiante. Premios especiais aos mellores movementos e ao mellor exemplar criado en Galicia

13.30 Concerto da Banda de Música Municipal de Padrón, na Praza de Macías

Feira Cabalar. Espectáculo ecuestre de doma vaqueira

14.00 Feira Cabalar. Exhibición de horseball (baloncesto a cabalo) con integrantes da Selección Galega

14.40 Inscrición no concurso morfolóxico de Pura Raza Árabe (PRA)

15.00 Feira Cabalar. Carrusel de doma, a cargo dos Cabaleiros do Salnés

Concurso morfolóxico de Pura Raza Árabe (PRA): poldros ata 3 anos, poldras ata 3 anos, eguas de 4 anos en adiante e sementais de 4 anos en adiante. Premios especiais aos mellores movementos e ao

17.00 mellor exemplar criado en Galicia

Continuación do *II Campionato Pascua de Padrón de Agility*, na zona da Barca. Exhibición de detección de substancias a cargo de Cans

21.30 GTC Euskogal e probas de superación de circuítos

Gran verbena amenizada polas orquestras *Atenas* (no Paseo do Espolón, con pases de 21.30 a 23.00 horas e de 00.30 a 2.00 horas) e *Charleston* (na Praza do Fondo da Vila, con pases de 23.00 a 00.30 horas e de 2.00 a 3.30 horas)

Todo un palacio para celebrar tu boda

HOTEL · MONUMENTO
PAZO de LESTROVE
☎ 981 56 93 50 • www.pousadasdecompostela.com • Dodro-Padrón

Luns 2 de abril (Luns de Pascua - Día de Santiago)

12.00 Pasarrúas a cargo do grupo folclórico O Pedrón, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas padronesas

Pasarrúas a cargo da Banda de Música Municipal de Padrón

13.00 Recepción da Excma. Corporación Municipal do Concello de Santiago na entrada da Rúa Real, coas Bandas de Música Municipais de Santiago e de Padrón

13.30 Concerto da Banda Municipal de Santiago, na Praza de Macías

17.00 Charla sobre aplicacións dos *drones*, no Auditorio de Padrón, a cargo de Aeromedia UAV. De seguido, se as condicións meteorolóxicas o permiten, demostración de manobras no campo de fútbol do Souto

21.00 Gran actuación musical, a cargo da *Orquestra Ledicia*, no Paseo do Espolón (pases de 21.00 a 22.30 horas e de 00.00 a 1.30 horas)

22.30 Actuación estelar do grupo Astarot, na Praza do Fondo da Vila

Martes 3 de abril (Martes de Pascua - Día de Rianxo)

12.00 Pasarrúas a cargo do grupo folclórico AC San Pedro de Carcacía, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas padronesas

17.45 Recepción da Corporación Municipal do Concello de Rianxo, no Paseo do Espolón (fronte á estatua de Rosalía de Castro), coa actuación da Banda de Música Municipal de Padrón e a Banda da Escola de Música de Rianxo

19.00 Concerto da Banda Municipal de Rianxo, na Praza de Macías

21.00 Actuación estelar da Orquestra Arkadia, na Praza do Fondo da Vila

00.00 Sesión Nocturna, no Paseo do Espolón, a cargo de A Gramola (organizada por Ruta Xacobea)

Mércores 4 de abril

10.00 Xornada de portas abertas nas actividades deportivas municipais para adultos (Máis información na Concellería de Deportes)

17.00 *VI Campionato de Chave*, no Paseo do Espolón

18.30 Xornada de portas abertas nas actividades deportivas municipais para adultos (Máis información na Concellería de Deportes)

Xoves 5 de abril

10.00 Xornada de portas abertas nas actividades deportivas municipais para adultos (Máis información na Concellería de Deportes)

17.00 *VI Campionato de Chave*, no Paseo do Espolón

18.30 Xornada de portas abertas nas actividades deportivas municipais para adultos (Máis información na Concellería de Deportes)

Astarot

INDUVISA

REMOLQUES E INDUSTRIAS INDUVISA, S.L.U

Avda. Camilo José Cela 31 - Padrón (A Coruña)

Tel./Fax: 981 81 1300 Móvil: 639 38 80 70

induvisa@induvisa.com

www.induvisa.com

CAMPING-CAZA-TRANSPORTE DE ANIMALES-PORTAMOTOS-PORTACOCHES-TRANSPORTE DE EMBARCACIONES
REMOLQUES INDUSTRIALES-REMOLQUES TÉRMICOS-REMOLQUES BASCULANTES

Venres 6 de abril (Venres de Pascuilla)

17.00 *VI Campionato de Chave*, no Paseo do Espolón

20.30 Entrega de premios do *VI Campionato de Chave*, no Paseo do Espolón

21.00 Actuación do grupo Eladio y los Seres Queridos, na Praza do Fondo da Vila

21.30 Gran velada de boxeo XX aniversario do Club Boxeo Padrón, coa participación dos púxiles locais Cristina Teira (campión galego) e Álex Segade (debut) no pavillón a carón do Grupo Escolar

22.30 *Noite Dj Indie Padrón 2018*, na Praza do Fondo da Vila, con Amatria Dj Madrid, Dorian Dj, Florent y Yo Dj Set (Los Planetas) e Groove Amigos + Blvckr

Sábado 7 de abril (Sábado de Pascuilla)

11.00 Xuntanza en Iria Flavia (antigo Restaurante Iria) dos/as Amigos/as de Iria Flavia para percorrer os puntos históricos do lugar

12.00 Pasarrúas a cargo do grupo folclórico Rosalía de Castro, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas padronesas

Ciclismo: 56ª Edición Clásica de Pascua, organizada polo Club Ciclista Padronés. Chegada prevista para as 15.00 horas, aproximadamente, no Campo do Souto

13.15 Colocación dun ramo de flores dos Amigos/as de Iria Flavia ante a lápida de D. Juan, como acto previo á misa polos/as amigos/as falecidos/as, que terá lugar ás 13.30 horas na igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia. Ás 14.00 horas, ao remate da misa, realizarase unha foto de grupo e ás 14.30 horas celebrarase o xantar de confraternidade

18.00 Actuación do grupo folclórico Rosalía de Castro, na Praza de Macías

19.00 Actuación do grupo folclórico A.C. San Pedro de Carcacía, na Praza de Macías

22.00 Gran verbena amenizada polas orquestras *Finisterre* (no Paseo do Espolón, con pases de 22.00 a 23.30 e de 1.00 a 2.30 horas) e América (na Praza do Fondo da Vila, con pases de 23.30 a 1.00 e de 2.30 a 4.00 horas)

00.00 Gran exhibición de fogos de artificio no Campo da Barca, a cargo da Pirotecnia López

Eladio y Los Seres Queridos

Restaurante
O' PAZO
asador
15917 Pazos
Padrón - A Coruña
Telf.: 34/981 81 15 07
Fax: 34/ 981 81 15 00
mail: mavig@telefonica.net

Taberna A Esquina
Padrón
R/ Ferreiros (Edificio Ramos) PADRÓN
691 41 69 53

Domingo 8 de abril (Domingo de Pascuilla)

11.30 Pasarrúas a cargo do grupo folclórico O Pedrón, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas padronesas

12.00 Actuación do grupo folclórico Arreixeira, na Praza de Macías

Na Praza dos Fillos e Amigos de Padrón formarase a xuntanza integrada pola Corporación Municipal e a Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón, así como por todos/as os/as padroneses e padronesas que o desexen. De seguido dirixiranse ao Paseo do Espolón para depositar unha coroa de loureiro diante da estatua de Rosalía de Castro. Estes actos serán acompañados pola Banda Municipal de Música de Padrón.

Este ano, as persoas e entidades homenaxeadas son:

Gerardo Beiro Magariños: xubilado de Nestlé

- Jesús Rodríguez Muíños "Carolo": futbolista de Extramundi
- Santiago G. López Blanco: director da Coral Polifónica Padronesa
- Dolores Buhigas Villar: xubilada de Telefónica
- Francisco Javier Baltar Tojo: avogado padronés afincado en Madrid
- Antonio Agrasar Cascallar: CEO de Plexus
- Manuela Camino López: cardióloga no H. Gregorio Marañón
- Castaño-Bascoy SLU: 23 anos ao servizo da construción
- Clásicos Comarca do Sar: afeccionados aos autos antigos

13.30 Actuación da agrupación folclórica O Pedrón, na Praza de Macías

18.00 *X Festival de Bandas Capital do Sar*, na Praza de Macías, coas actuacións da Banda de Música Municipal de Agolada (director: Miguel Adrián Pazos Alonso), a Banda de Música de Vilatuxe (director: Víctor Manuel Vilariño Salgado) e a Banda Municipal de Padrón (director: Braulio Manuel Cao Ledo)

21.00 Gran actuación musical, na Praza do Fondo da Vila, a cargo da orquestra *Superholliwood*, que dispón do escenario máis grande de España

Sábado 14 de abril

9.00 *XI Andaina Bisbarra do Sar*, nos Concellos de Padrón e Rois. Proba incluída na Copa Galega de Andainas, cun percorrido de 50 quilómetros. Saída desde a Praza de Macías

AVISO IMPORTANTE:

Os horarios son aproximados e poden sufrir pequenas variacións

Galicia
espectáculo
Tlf. 981 88 59 96 Oficina (Negreira)

PENSIÓN ALBERGUE
Flavia
parrillada
Campo da Feira, 13
Tfno. 981 810 455
15900 PADRÓN

BAR
MANOLO
A MATANZA, PADRÓN
TLF: 981 812 089

www.barmanolo.padronvirtual.com
www.facebook.com/bar-manolopadron

SÁBADOS DE CEA-TROULA
2º e 3º Sábado do mes
MENÚ 14 €

MENÚ DO DÍA 9 € Venres, churrasco
NO INVERNO: Venres, callos e churrasco
2º e 4º martes, cocido

FAI A TÚA RESERVA
PARA COMIDAS E CEAS
DE GRUPOS

ECOCLIMAGALICIA

- Frío industrial y comercial
- Climatización/Calefacción
- Electricidad industrial
- Fábricas de hielo

Avda. Compostela, 25 - Baixo
15900- Padrón

Tel. 981 810 339 - Mov. 618 968 283
Servicio Técnico 622 817 148
ecoclimagalicia@gmail.com
www.ecoclima.com

FUENTES
PUERTAS AUTOMÁTICAS

- MANDOS A DISTANCIA
- REPARACIONES
- AUTOMATISMOS
- MANTENIMIENTO...

629 85 86 17
981 81 13 99
Fax 981 81 08 27
automatismos.fuentes@gmail.com

SAT GYCSA

Café Bar

Latorre

Confitería

Tartas y Pastelería

ESPECIALIDAD EN DESAYUNOS

Ctra. Nacional 550 Coruña - Vigo
Tl.: (981) 81.09.54
Padrón - La Coruña

Tamara Buceta

Perruquería
Centro de Estética
Quiromasaxe

C/ Rúa Real, 11 . Edificio Bouzas - 3º D
15900. PADRÓN (A CORUÑA)
Tfno. 981 81 29 68

PROGRAMA DA SEMANA SANTA PADRONESA 2018

Sábado 17 de marzo:

Pregón da Semana Santa

Organizado pola Confraría do Santo Enterro, terá lugar na igrexa parroquial ás 20.00. Será pronunciado polo Padre Ángel (Ángel García Rodríguez), fundador e presidente da ONG Mensajeros de la Paz. A continuación intervirá a Coral Polifónica Padronesa intepretando algunhas pezas do seu repertorio de música sacra.

Comezo do Septenario de Dores

Organizado pola Confraría da Virxe das Dores. Todos os días ás 19.30 terá lugar o Santo Rosario e o rezo do Septenario, seguido, ás 20.00, da Santa Misa ofrecida polos devotos da Nosa Señora das Dores, vivos e defuntos. O primeiro día, sábado 17 de marzo, por mor do pregón da Semana Santa, os actos do Septenario adiantaranse unha hora, comezando ás 18.30 co Santo Rosario e proseguindo, ás 19.00, coa Santa Misa.

Venres 23 de marzo:

Venres de Dores

19.30 Santo Rosario e rezo do Septenario.

20.00 Misa Solemne. A continuación, organizada pola Confraría da Virxe das Dores, salirá a Procesión, percorrendo as rúas de costume.

Sábado 24 de marzo:

Misa da Confraría do Santo Enterro

20.00 Misa parroquial ofrecida polos membros e colaboradores, vivos e defuntos, da Confraría do Santo Enterro.

Domingo 25 de marzo:

Domingo de Ramos

11.30 Na igrexa parroquial, bendeciranse as palmas e os ramos de oliveira. A continuación sairá a Procesión co paso da Entrada de Xesús en Xerusalén, que percorrerá o traxecto habitual. Recollido o desfile procesional, terá lugar a celebración da Santa Misa do Domingo de Ramos na Paixón do Señor. Antes de rematar procederase á acollida e imposición de medallas aos novos membros da Confraría do Santo Enterro.

Xoves 29 de marzo:

Xoves Santo

19.30 Celebración da Santa Misa da Cea do Señor. Ao rematar comezará a Procesión do Encontro coa seguinte orde:

- En primeiro lugar sairá a imaxe de Xesús Nazareno, acompañada polos membros da Confraría do Santo Enterro e de todas as persoas que o desexen. Despois dun breve intervalo, sairá a imaxe da Virxe das Dores, xunto ás de San Xoán Apóstolo e a Verónica, acompañadas polos membros da Confraría da

Virxe das Dores, dalgunhas mulleres ataviadas con mantilla española e de todas as persoas que queiran. Ambas comitivas percorrerán os lugares de costume.

- Na Praza de Macías representarase a escea do Santo Encontro de Xesús Nazareno, camiño do Calvario, coa Verónica, o Apóstolo San Xoán e súa Nai, a Virxe María, actuando de narrador o Rvdo. P. Benjamín Picado González, cmf.

- A continuación, nun só desfile procesional, regresarase á igrexa. Na Procesión do Encontro participará a Corporación Municipal do Excelentísimo Concello de Padrón.

00.00 Saída da Procesión da Santa Cruz do Calvario coas imaxes da Santa Cruz e do Ecce Homo, acompañadas polos membros da Confraría do Santo Enterro portando fachos, ademais dalgúns penitentes arrastrando cadeas suxeitas aos seus pés, acompasados polo ritmo da Banda de Tambores e ao son de carracas e matracas. Recollida a procesión, a igrexa permanecerá pechada ata o venres ás 9.00 horas.

Venres 30 de marzo:

Venres Santo

11.30 Rezarase na igrexa o Viacrucis.

18.30 Comezarán os Santos Oficios da Paixón do Señor, seguidos da representación da escea do Desencravo de Xesús da Cruz, narrada polo Rvdo. P. Benjamín Picado González, cmf.

20.00 Saída da Procesión do Santo Enterro, realizando o percorrido de costume. A Santa Urna de Cristo Xacente avanzará flanqueada polos seus cofrades e pola Corporación Municipal do Excelentísimo Concello de Padrón, portando un dos seus membros a Cruz do Calvario.

21.00 Recollida na igrexa a Procesión do Santo Enterro. Saída da Procesión da Soidade ou dos Caladiños. Acompañando a imaxe da Virxe da Soidade polo traxecto habitual irán os membros da Confraría da Virxe das Dores, xunto con algunhas mulleres tocadas coa mantilla española e todas as persoas que queiran unirse.

Sábado 31 de marzo:

Sábado Santo

21.00 Comezará a Solemne Vixilia da Resurrección do Señor coa que se abre o tempo litúrxico da Pascua.

MÚSICA SACRA

CORAL POLIFÓNICA PADRONESA
Pregón, concerto, Xoves e Venres Santo

CORO DA PARROQUIA
Domingo de Ramos e Vixilia Pascual

PREDICACIÓN

ROBERTO MARTÍNEZ DÍAZ
Párroco de Iria Flavia-Padrón
(Septenario, Venres de Dores e Domingo de Ramos)

RVDO. P. BENJAMÍN PICADO
Claretiano, León
(Xoves Santo, Venres e Vixilia Pascual)

SINOPSE DE ACTOS E HORARIOS

Venres 17 de marzo
Pregón da Semana Santa (20.00h)

Venres de Dores (23 de marzo)
Misa Solemne de Procesión (20.00h)

Domingo de Ramos (25 de marzo)
Bendición, Procesión e Misa (11.30h)

Xoves Santo (29 de marzo)
Misa da Cea do Señor (19.30h)
Procesión do Encontro (20.30h aprox.)
Procesión da Santa Cruz do Calvario (00.00h)

Venres Santo (30 de marzo)
Celebración da Paixón do Señor (18.30 h)
Viacrucis (11.30h aprox.)
Procesión do Santo Enterro (20.00h)
Procesión da Virxe da Soidade (21.00h)

Sábado Santo (31 de marzo)
Solemne Vixilia Pascual (21.00 h)

Domingo de Pascua (1 de abril)
Misa de Pascua (20.00h)

SOMOS ESPECIALISTAS EN ACOGER EVENTOS
Grupo
HOTEL
SCALA
Asador O'Pazo
Hotel Scala
Pazo Arretén
www.hscala.com
hotel@hscala.com
Telf. 981 811 312

PERSOAS E ENTIDADES HOMENAXEADAS POLA IRMANDADE DOS FILLOS E AMIGOS DE PADRÓN

Na reunión celebrada o 12 de febreiro de 2018, a Xunta Directiva da Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón, baixo a presidencia de Arturo Manuel Reboyras Villaverde e actuando como secretario Manuel Garrido Rivero, acordou conceder as insignias de ouro da Irmandade e as placas de honra de 2017 ás seguintes persoas e entidades:

Gerardo Beiro Magariños
Xubilado (Nestlé)

Jesús Rodríguez Muíños "Carolo"
Futbolista de Extramundi

Santiago G. López Blanco
Director da Coral
Polifónica Padronesa

Dolores Buhigas Villar
Xubilada (Telefónica)

Antonio Agrasar Cascallar
Conselleiro delegado
de Plexus

Francisco Javier Baltar Tojo
Avogado
(Padronés afincado en Madrid)

Manuela Camino López
Cardióloga no Hospital
Gregorio Marañón de Madrid

castaño bascoy

Empresa con 23 anos
ao servizo da construción

Clásicos Comarca do SAR
PADRÓN • ROIS • DODRO

Asociación de afeccionados
aos vehículos antigos

ALUMINIOS
SEFER, S.L.
Carpintería de aluminio | Curvado de perfiles | Soldadura en aluminio
CE
Certificado por
Applus
INSTALADOR OFICIAL DE
CORTIZO
CANAL CORTIZO
SISTEMAS DE ALUMINIO PARA LA ARQUITECTURA
+34 981 811 530
+34 981 810 527
Calle Paraíso s/n, A Ponte-Padrón
15900 A Coruña
info@alusefer.com
www.alusefer.com

O MUNICIPIO DE PADRÓN

Juan Ramón Baliñas Bueno
Economista

O municipio de Padrón ocupa o espazo comprendido entre os 42º 45' e 42º 42' de latitude norte e entre os 8º 41' e os 8º 36' lonxitude oeste. No sur da provincia da Coruña, límite coa de Pontevedra, a maior parte do seu termo está situado entre as cuncas dos ríos Sar e Ulla. Os ríos fertilizan e forman os vales, a fecunda veiga de Padrón e o val de Herbón, separados polas cordilleiras de Lampai, O Lapido e Meda. Ao oeste da vila, o monte San Gregorio, de 215 metros de altitude, protexe a veiga, e ao leste, a súa máxima altura, o Pico de Meda, con 447 metros. O río Sar vén desde Santiago, toma o seu nome por pasar á beira da igrexa do Sar e desemboca no río Ulla, que chega desde as terras de Ulloa en Lugo.

O municipio está ben comunicado; punto medio na estrada da costa, a N-550 da Coruña a Tui, que une a dinámica económica do norte e sur de Galicia. A vila está situada a 82 quilómetros da Coruña e a 22 de Santiago, capital de Galicia, e ten enlace en Herbón coa Autoestrada do Atlántico AP-9. Padrón é centro de comunicación entre a ría de Arousa e Santiago, sitio axeitado para a instalación de empresas.

Outras estradas no municipio son a LC-301, de Padrón a Noia, de 28 quilómetros; a C-550, de Padrón a Ribeira, de 42 quilómetros; a LC-242, de Padrón a Pontevea, de 13 quilómetros; e a vía desde Pontecesures ata A Estrada, de 22 quilómetros. Ademais, o municipio ten dúas estacións de ferrocarril na liña A Coruña- Vigo: A Escravitude e A Matanza en Padrón.

Visita ao municipio:

Partindo de Santiago cara ao sur, despois de Bastavales, no val da Maía atópase o municipio de Padrón, arciprestado de Iria Flavia e parroquias de Santa María de Cruces, Santa María de Iria Flavia, Santa María de Herbón, San Pedro de Carcacía, Santa María de Rumille e Santiago de Padrón.

Cruces

As terras da parroquia de Cruces están atravesadas pola estrada de Santiago. É unha paisaxe apacible, suave, extensa chaira na que sobresaen os montes de Lampai. Os monumentos máis significativos son: *Igrexa de Santa María de Cruces, Santuario de Nosa Sra. da Escravitude e o Cruceiro de Loureiro.*

Iria Flavia

Pola estrada de Santiago cara a Padrón vemos os cruceiros de Porta dos Mariños, Patricia e Pedreda. Axiña destacan as torres piramidais da igrexa de Iria coa curiosidade das torres retrasadas

respecto á fachada. É un val fértil entre a beira esquerda do Sar e a cordilleira de Meda. A xurisdición da parroquia chega ata Cesures, porto da antiga Iria Flavia e barrio de pescadores de Padrón na Idade Media.

En Iria podemos visitar monumentos de enorme interese: *Igrexa de Santa María de Iria Flavia, Cemiterio de Adina, Casas dos Coengos, Museo de Arte Sacra, Fundación Camilo J. Cela, Cruceiro de Longais e Pontecesures.*

Herbón

A estrada cara a Herbón parte á esquerda da entrada a Padrón, fronte ao xardín. No lugar de Vista Alegre achegámonos ao pazo da Granxa, amurallado e pechado por enreixado con cadeado; desde o exterior observamos o enorme pazo, no camiño de entrada vemos o *Cruceiro de Santa Cruz e,* ao seu carón, a capela só aberta o día da romaría da Santa Cruz, no mes de maio.

A estrada segue ata Herbón, antigo *Lampredario* chamado así polas súas pesqueiras de lampreas na marxe dereita do Ulla. A lamprea é un exquisito peixe antediluviano prezado desde a Roma imperial; os césares tiñan unha piscina con lampreas. Hoxe Herbón é coñecido polos seus *pementos de Herbón*.

Á dereita, unha pequena estrada guíanos ao fondo dun fértil val cheo de pequenas hortas, con túneles de plástico para o cultivo do pemento. Paramos nunha bonita paraxe, fermosa carballeira próxima ao río Ulla, entre os escarpados montes cercanos. No inicio da rampa, cara ao convento, vemos o *Cruceiro do Convento*. As escaleiras, cun *vía crucis* á dereita, levan ao Convento e Igrexa de San Antonio. En Herbón visitamos a Igrexa de Santa María.

Carcacía

A estrada, cara ao leste, bordea a cordilleira sobre a cunca do Ulla. Paramos nun mirador para ver o río no fondo do val retorcerse entre as peladas montañas na procura da súa navegabilidade en Cesures. Un pouco máis adiante, na estrada cara a Carcacía, a pista forestal da esquerda conduce ao Pico de Meda.

Carcacía é centro dun bonito val rodeado pola cordilleira de Carcacía, o Pico de Meda e o río Ulla. Visitamos a Igrexa de San Pedro de Carcacía. Á dereita da estrada atopamos o Cruceiro de Xuane. Na Idade Media estas terras foron usurpadas polo conde galego Froila Bermúdez, señor feudal con posesións desde Lalín a Iria. O conde disputa a coroa ao rei Alfonso III e morre en Oviedo o ano 867; o Rei devolve as terras á Igrexa de Iria.

Na aldea de Bandín, quizais o lugar de nacemento do poeta Macías O Namorado, hai unha ermida adicada a Nosa Sra. da Merced.

Rumille

A estrada cara ao norte de Carcacía conduce á igrexa parroquial de Santa María de Rumille.

Padrón

Padrón é a antiga Iria Flavia, porto fluvial importante na antigüidade, poboación bimilenaria da época de Augusto. Podemos comezar a observación da vila desde os puntos máis

altos do seu redor. A mellor vista sobre a vila é o alto do Pico de Meda.

Na estrada de Herbón, antes de Carcacía, unha pista forestal bordea polo monte, sobre a fértil horta, cara un lugar de refugallos. Á dereita, un tramo en mal estado achéganos, entre toxos, a unha estreita pista asfaltada que leva ata o Pico de Meda. No alto hai tres antenas e un poste cilíndrico, punto xeodésico de sinalización. Desde alí divisamos a ampla paisaxe.

No verde val destaca, á esquerda, o río Ulla. Describe meandros antes da ponte, despois atopa o Sar e forma unha ampla curva a dereita e esquerda. É un bonito espectáculo.

A primeira impresión é a forte cor verde do val, atravesado pola cor prata do río. Vemos Pontecesures, o campo da Ínsua, fronte del Padrón. Desde aquí, a vila semella máis recollida, surcada polas estradas, extendéndose por Iria á dereita e Lestrove ao fondo. Vemos o convento do Carme, o Santiaguiño. A paisaxe aparece rota en primeiro plano polas naves industriais, a autoestrada e a nova canle do río Sar. Porén, o verde fosforescente da veiga impón a súa forza entre as construcións da man do home. Vemos as graduadas torres de Iria, a estrada cara a Santiago, Extramundi, o impresionante Ulla, as cúpulas da Escravitude, o pazo de Arretén, o Sar, o Xardín e O Souto.

Imaxinamos a primitiva paisaxe sen construcións; sería dunha grande beleza, val e ríos entre montañas, suave terreo en amplo horizonte, deliciosa campiña acariñada polas brisas do cercano mar... Alá abaixo árbores frondosas, carballos, castiñeiros e figueiras, xardíns de magnolios e camelias, flores e froitos medraban na terra florida entre dous ríos...

Materiais modernos como cemento e aluminio, sen gusto, sen orde nen concerto, rompen a bela perspectiva. Substituíron a pedra de cantaría e a madeira perfectamente integradas na paisaxe, un val pintoresco de luz e cor legado dos nosos antergos irienses.

Visita Xacobea

Padrón é unha vila monumental á esquerda do Sar, limitada ao oeste polos montes San Gregorio, as torres de Iria ao norte, o Pico de Meda ao leste e a ponte Cesures ao sur.

Padrón é berce xacobeo, inicio da ruta apostólica. Iacob -nome hebreo do Apóstolo- comeza nas terras de Iria, Padrón, a súa

peregrinaxe polo Occidente. Predica no Santiaguiño, abre unha fonte ao golpear co seu bordón e, antes de marchar, funda a Igrexa de Iria.

Os discípulos, á súa morte, traen o corpo a enterrar; a barca sobe polas caudalosas augas do Ulla ata o porto de Iria e amárrana ao Pedrón. Nas terras de Iria Flavia, Teodomiro, bispo da sé, descobre no ano 813 o sepulcro do Apóstolo. Nace Compostela, a sé iriense muda; Padrón e Santiago forman parte da mesma unidade xacobea, Iria Flavia. Os bispos conservan para o seu retiro o castelo da Rocha Branca. Xelmírez impulsa Padrón, concede o rango de segunda catedral á igrexa de Iria e crea os estaleiros. Padrón é porto de Compostela.

Santiago e Padrón están unidas polo Camiño Francés, ruta espiritual e cultural que propiciou o desenvolvemento de Europa. Aymeric Picaud, no libro *Codex Calixtinus* do ano 1160, cita a Padrón. Os peregrinos chegan ata alí para ver os lugares relacionados co Apóstolo, patrón e protector de peregrinos. Así remataban a peregrinación, de aí o dito popular:

Quen vai a Santiago
e non vai a Padrón
ou fai romaría ou non.

Padrón recibe, igualmente, a visita dos peregrinos participantes nos camiños de Santiago en Galicia. A *Ruta do mar de Arousa* é unha peregrinación en barco desde Vilagarcía ata o peirao de Porto, o camiño do mar percorrido pola barca. Despois da visita a Padrón, o Camiño continúa a pé ata Santiago. O *Camiño de Fisterra* parte de Santiago cara a Fisterra e os peregrinos regresan por Padrón.

A visita xacobea iníciase no monumento máis representativo da vila, *O Pedrón*, baixo o altar maior da igrexa parroquial. Despois crúzase a ponte sobre o Sar cara as escadas de subida ao Santiaguiño do Monte. Os peregrinos beben na fonte do Apóstolo e tratan de pasar entre as grandes rochas, visitan a igrexa de Iria, fundada polo Apóstolo e o cemiterio de Adina.

Padrón, con monumentos ligados ao Apóstolo, debe preparar con suficiente antelación o Xacobeo; os peregrinos deben volver efectuar a visita xacobea.

Ruta Rosaliana

Outra das visitas entrañables en Padrón, unha das vilas máis visitadas de Galicia, é a Casa da Matanza.

Rosalía de Castro viviu en distintas épocas da súa vida nestas terras, paisaxes que a querida poetisa transitou e plasmou na súa obra. A Ruta Rosaliana pasa pola Matanza, na estrada de Herbón, e cruza a vía do ferrocarril; á esquerda vemos a Casa-Museo de Rosalía de Castro. Detrás da casa está o cruceiro de Santa Lucía. Volvendo á estrada, un camiño lévanos ata o cruceiro de Arretén, e ao Pazo homónimo.

Padrón é visitada tamén por investigadores. A Fundación Camilo José Cela ten salas preparadas para o estudo dos documentos e o arquivo de don Camilo. Doutra banda, o Patronato Rosalía de Castro prepara un espazo para estudar a obra da cantora do Sar.

PIENSOS

PIENSOS NANFOR, S.A.

A Escravitude, s/n
1598 PADRÓN (A Coruña)
Tel. 981 50 98 00 (Marcar 0)
Tel. 981 50 98 08 (Pedidos)
Fax 981 50 98 98

nanfor@nutreco.com
www.nanta.es

GRILO
fundado en 1952
RESTAURANTE · PENSIÓN · BAR
Avda. Camilo José Cela 30 · IRIA - PADRÓN (A Coruña)
Telf.: 981 810 607 · 619 663 320
oscarsiosavila@gmail.com · www.pensionenpadron.com

PADRON PC
Informática
C/. Dolores nº 12 . 15900 PADRÓN (A Coruña)
Telf.: 981 812 031 . Movil: 699 836 102
padronpc@mundo-r.com
www.tiendasblu.com

ADINA
xestión
Seguros
Administración de Fincas
Servizo de Limpeza
Inmobiliaria

CARBALLIDO
CONSULTING S.L.
Seguros Inmobiliaria
Agencia Reale Padrón
Rúa Real, 30 Baixo
15900 PADRÓN
Tel.: 981 811 840 - Fax 981 810 407
fjcarballidorey@gmail.com
www.carballido-sl.com
Reale
SEGUROS

PADRÓN MONUMENTAL

Juan Ramón Baliñas Bueno
Economista

No Libro de Pascua do ano pasado publicouse "Historia de dos iglesias de Padrón", inicio dos monumentos na nosa fermosa vila. Continuamos co relato doutros monumentos.

Convento e igrexa do Carme

O convento, así chamado polos padroneses, foi construído baixo iniciativa de don Alonso de la Peña y Montenegro, quen aportou duascentas mil pesetas da súa fortuna.

En 1715 a orde carmelita aproba a fundación e en 1719 o arcebispo Luis Salcedo y Azcona coloca a primeira pedra. Os padres Juan del Santísimo Sacramento e Juan de Santa Teresa comezan as obras en terreos doados pola marquesa de Parga acordando concederlle o Padroado e ser enterrada na igrexa. En 1734 establécese a comunidade e as obras rematan en 1762.

O convento, situado na faldra do monte San Gregorio na Trabanca, ten acceso por unhas escaleiras labradas en rocha ata o atrio; é de estilo neoclásico, planta rectangular, en perpiaño, de tres alturas con arcos de medio punto e ventás no derradeiro andar. A fachada dá ao atrio e por detrás á horta; o claustro é sinxelo. A horta é un bo lugar de retiro e ten dúas fontes: San Xosé e Santa Teresa. A porta do interior conduce ao monte.

Durante a exclaustración do ano 1835, o convento pasou ao Estado; o Concello de Padrón reclámao no ano 1849 e instala o Xulgado de primeira instancia, o almacén do sal e un salón teatro. A igrexa estaba pechada.

En 1866 a orde de Santo Domingo presenta unha petición asinada por todos os deputados galegos, a Cánovas, para convertelo en colexio.

En 1870 inicia as actividades o colexio de segunda ensinanza, bacharel e filosofía, con oitenta alumnos externos atendidos por sete frades, posteriormente só para estudantes dominicos. Actualmente o Concello, xunto á Dirección Xeral de Formación e Emprego da Xunta, estableceu un Centro de Formación ocupacional para alumnos dos diversos cursos. En 1992 cento trinta rapaces seguen ensinanzas de albanelaría, cantaría e carpintaría e restauran o abandonado convento, só habitado por un frade, rehabilitando paredes, madeiras de castiñeiro, mesas e armarios do XVIII.

A igrexa, adicada a San Xosé, foi construída en 1752 en estilo barroco, século XVIII. Presenta unha portada moi ampla de tres arcos sobre pilastras; enriba do friso, unha imaxe en pedra de San Xosé entre dous escudos, obra do escultor Ferreiro; cinco ventás adornan o resto da fachada rematada cun frontón recto con óculo.

Aos lados dúas altas e chamativas espadanas, campanario plano con dous ocos para as campás, os da dereita baleiros. Varias columniñas e a cruz acrótera coroan o edificio.

Interior de tres naves; no altar maior imaxes da Virxe do Carme e San Xosé realizadas por Ferreiro.

O grande edificio de tres corpos domina o oeste da vila; diante, o barroco atrio, apoiado sobre un alto muro de contención, forma un mirador enriba do val, extenso espazo de lousas de granito e unha balcoada de peche en perpiaño moi ben rematada.

Desde alí, diante da alta fachada da igrexa, divísase o río Sar, o paseo do Espolón, o minifundio da veiga de Padrón, o Pico de Meda desde onde algúns poden ver Compostela, San Lois e o Ulla cara Arousa.

Fonte do Carme

É unha chamativa fonte situada na terminación da ponte do Carme, un chisco máis baixa que o nivel da rúa. Descoñécese a data da súa construción, levantada para conmemorar a traslación do corpo do Apóstolo.

A fonte actual, restaurada, é do ano 1789, de estilo neoclásico, realizada con perpiaño. A súa fronte compona un grande arco escarceno en forma de capela.

No interior está a imaxe da Nosa Señora das Dores entre moitas flores e velas, moi venerada polas señoras en estado da vila, a quen solicitan un bo parto.

Ao lado un cartel informativo: “El Ilustrísimo Sr. Dn. Manuel de Sanlúcar, obispo de Sidonía, concedió cuarenta días de indulgencias a todos los que devotamente rezasen una Salve delante de esta imagen”.

No frontal do arco figura, esculpida en pedra, a representación do traslado do corpo do Apóstolo, a barca amarrada ao Pedrón, os discípulos e, diante, o anxo guía; no medio a cruz, unha estrela e, a ambos os dous lados, unha vieira, símbolo do peregrino.

Debaixo lese, “Edificose esta fuente reinando el Sr. D. Carlos IIII, siendo alcalde D. Joaquín Fo XI Bendaña”.

Na fornela superior, baixo un arco carpanel, destacada imaxe do Apóstolo con bordón e vestido de peregrino, bautizando a unha muller axeonllada que podería ser a señora Lupa. A fonte remata cun frontón e varias columniñas.

Ponte do Carme

O río Sar, moi caudaloso en días de fortes chuvias, trae as súas aguas desde Santiago, pasa á beira da igrexa do Sar de onde toma o seu nome, atravesa as terras da Maía entre hortas e verdes prados ata desembocar no Ulla.

Na ponte sobre o Sar estaban as portas da Barca e de Santiago, antiga entrada oeste á vila. En 1846, debido ao efecto dunha forte inundación, a ponte derrubouse.

Unha sólida ponte foi construída no ano 1852, en estilo neoclásico, feita en pedra sobre tres arcos de medio punto, tallamares e varanda de perpiaño.

Santiaguiño do Monte

O coengo Gregorio funda una ermida sobre o lugar de predicación do Apóstolo, no monte antes chamado Burgo e agora Monte San Gregorio ou Santiaguiño do Monte. É a parte alta de Padrón, ao oeste da vila, un dos poucos lugares, segundo a tradición, ligados á vinda do Apóstolo.

Accédese desde a rúa Santiago (o inicio vén sinalado mediante dous postes con símbolos xacobeos) por unhas escaleiras cara ao muro do Convento do Carme. Un novo poste sinala o inicio dun empinado tramo; escaleiras agrupadas de catro en catro; á esquerda un alto muro de contención sinala un *vía crucis*.

Moitos peregrinos subiron por estas escaleiras de pedra entre as rochas, algúns deles de xeonllos, rezando unha estación en cada parada. As escaleiras rematan nun claro da ladeira.

No alto vemos a ermida, de estilo barroco, século XVIII, construída con perpiaño. A fachada é sinxela, as pilastras da esquina enlazan coa cornixa e pechan o frontón, tímpano curvo e espadana plana dun corpo. Enriba da porta de orellas, fornela co Apóstolo. O interior é de planta rectangular, unha soa nave e presbiterio. No altar, a imaxe do Apóstolo en posición sedente entre San Sebastián e San Gregorio.

No século XV atendeu a ermida a francesa Alicia d'Harcourt. A viúva do cambeador compostelán García Rodríguez tamén realizou esta misión. A casa do ermitán construíuse detrás da capela para o coidador. É de estilo gótico tardío, século XVI, feita de perpiaño, planta cadrada e fiestra no primeiro andar.

Baixando, as escadas diante da ermida vannos dirixir á fonte aberta polo bordón do Apóstolo debaixo da capela. Os peregrinos beben, de sempre, a fresca e cristalina auga.

Á esquerda da ermida están as seis grandes rochas de granito redondas e superpostas. Segundo conta a tradición, este era o lugar desde onde predicaba o Apóstolo Santiago, onde tamén tiña o seu altar, refuxio e cama. Despois de subir os sete chanzos hai unha imaxe do Apóstolo peregrino e no alto un cruceiro.

Cara o leste e o oeste están tres furados polos que, de cativos, pasabamos: correspondían ao inferno, o purgatorio e a gloria. Segundo a tradición había que pasar tendidos entre os estreitos furados.

Esta é, pois, unha visita imprescindible. Lugar unido á cultura galega das pedras proveniente dos celtas, agora culto xacobeo ás pedras como as cinco pegadas no parteluz do Pórtico da Gloria, o Santo dos Croques e O Pedrón.

É unha área de recreo, bonita zona con variado arboredo: mimosas, carballos e eucaliptos. Enriba do muro podemos divisar unha boa vista sobre o val, de fronte o Monte de Meda, á esquerda destacan as torres barrocas da Escravitude, máis cercanas as piramidais de Iria Flavia, á dereita as augas do río Ulla que discorren cara a ría de Arousa.

A romaría popular do Santiaguiño do Monte en Padrón, o 24 e 25 de xullo, día do Apóstolo, celébrase preto dunha ermida e das enormes penas. Soan as gaitas para amenizar a xornada e desfrútase da comida ao aire libre.

Convento e Igrexa de San Antonio

Fundado en 1396, baixo bula do Papa Bonifacio IX, polos franciscanos frai Gonzalo Mariño e frai Pedro Nemancos. Frai Pedro era letrado e frai Gonzalo un nobre galego que participou a carón do rei Juán I de Castela na batalla de Aljubarrota, Batalha en Portugal, e herdeiro dunha das casas de Altamira, parente do conde Lope Sancho de Moscoso. Frai Gonzalo renunciou á súa fortuna ao entrar no convento de San Lourenzo de Trasouto en Santiago; morreu en Viana en 1408.

O convento, primeiro baixo a advocación de San Francisco e despois de San Antonio, construíuse no terreo cedido pola Colexiata de Iria. En 1440 ingresa no convento o trovador padronés Xoán Rodríguez da Cámara ao seu regreso de Xerusalén, dona terras ao convento e busca a paz no retiro.

En 1509 o convento recibe donación de terras de Francisco Bermúdez de Castro, antepasado dos condes de Ximonde e dos Castro de Arretén.

En 1701 foi establecido no convento o Colexio de Misioneiros, escola para 35 nenos franciscanos; moitos predicaron e estableceron misións en América como a de Querétaro en México.

O convento sofre perdas nas inundacións dos anos 1653, 1748, 1778 e 1780. En 1809 foi saqueado polas tropas napoleónicas e nos anos 1814 e 1823 foi prisión para os liberais da Coruña.

En 1835, durante a desamortización, o convento pasa ao municipio de Padrón; en 1865 é doado á diócese compostelá. O cardeal Miguel García Cuesta (1851-1871) establece en Herbón o Seminario Menor. Posteriormente, en 1884 é cedido ao Colexio de Misioneiros de Santiago e en 1890 o cardeal José Martín de Herrera (1889-1922) devólveo definitivamente aos franciscanos.

O edificio conventual é grande: un pórtico formado por dous corpos de leste a oeste son cortados por outros dous corpos de norte a sur de 70 metros; no medio un claustro do século XVI co *Cruceiro do Claustro* no centro, bo sitio de paseo. O convento é lugar axeitado para o recollemento e o estudo nas súas encortizadas salas e boa biblioteca.

Na horta, cuxo muro linda coa beira dereita do Ulla, hai grande variedade de plantas e froiteiras. En 1953 un temporal derrubou a palmeira de Terra Santa, agasallo de Juan Rodríguez; a actual foi plantada en 1900. Loureiros, laranxeiras, limoeiros e, no bosque norte de vexetación variada, grandes árbores como piñeiros de América, cipreses, carballos e sequoias.

A igrexa, moi sinxela, foi construída en 1708; fachada de parede lisa, portada cadrada rodeada de dúas fiestras e unha grande no centro; enriba unha cruz. Á dereita destaca a única torre campanario de estilo barroco, século XVIII.

O interior é moi luminoso, a bóveda arranca dunha grande cornixa, presenta dúas naves e nove altares dourados, con varias imaxes do escultor Ferreiro: San Francisco, San Antonio e un cadro pintado en México da Nosa Sra. de Guadalupe. Posúe un órgano e un coro composto por 41 sitiais.

Actualmente, o convento ocúpano arredor dunha ducia de colexiais que van estudar a Santiago e seis frades dos cales catro son sacerdotes.

Na carballeira, sobre o convento, celébranse varias romarías. A principal é o 13 de xuño, día de San Antoniño, un santo milagreiro. Os de Herbón pídenlle unha voda, un noivo, atopar algo extraviado ou curar algún mal.

Pola mañá hai misa no convento en acción de grazas polas axudas recibidas, despois sae a procesión entre a alegría das campás e o estrondo das bombas. A comida é na carballeira, as empanadas adornan os manteis, o viño da terra fresco, as gaitas, a muiñeira e, antigamente, o animado regreso andando.

Outra romaría é do 11 de xullo, festa de San Bieito, fundador da regra monástica *Ora et labora*, festa darredor de todos os mosterios. En Galicia hai unha cantiga popular na honra de San Benitiño.

Capela da Venerable Orde Terceira

Os franciscanos de Herbón construíron a capela a finais do século XVII, na esquina da rúa Juan Rodríguez coa Praza de Ramón Tojo.

Foi inaugurada no ano 1805; a súa patroa é a Virxe das Dores.

Igrexa de Santa María de Herbón

A súa construción foi ordenada no século XII polo arcebispo don Diego Xelmírez. Igrexa de estilo románico, destaca a portada na lisa fachada, un bonito pórtico con tres arquivoltas de arco lobulado pousadas sobre chapiteis de follas e lisas columnas.

A ambos os dous lados da porta hai un entrante de adorno; enriba do pórtico, unha bonita fiestra románica adornada con arco de medio punto, chapiteis e columniñas lisas. A fachada está rematada nunha espadana con dúas campás.

A ábsida é semicircular; o interior, dunha soa nave rectangular e porta lateral con dúas arquivoltas.

Santuario da Nosa Señora da Escravitude

Santa María de Cruces é unha parroquia do Concello de Padrón, nas terras da antiga Iria Flavia. Un lugar da parroquia de Cruces é A Escravitude, sé do santuario do mesmo nome.

Historia

Cando no século XVI estaban nunha tala de árbores, o párroco de Cruces Juan Pérez Mondragón está a piques de ser aplastado por un castiñeiro que cae sobre el. Ao ver chegar o castiñeiro presinte que a súa morte está preto e, no momento, reza unha pregaria á Virxe e milagrosamente non sofre grandes danos, logrando salvar a vida.

O piadoso sacerdote decide, en 1582, como agradecemento á virxe salvadora, construír unha fonte nese mesmo lugar, á que engade unha imaxe en pedra da Virxe María. Fonte que hoxe podemos ver á dereita da estrada xeral, debaixo das escaleiras de entrada ao santuario.

Segundo a tradición, en 1762 un labrador do Salnés, entre as rías de Arousa e Pontevedra, enfermo de hidropisía é conducido nun carro de bois ao Hospital de Santiago, daquela o único da zona. Ao pasar por diante da fonte pide á súa dona auga e solicita á Virxe a súa curación.

Despois de beber, sente un súbito alivio e o doente decide permanecer alí tres días, sitio onde está a fonte, bebendo ata que se produce a curación. Como recoñecemento reza á Virxe: “Bendita seas por librarme de la esclavitud de mi enfermedad”.

Antes de partir deixa o carro e os bois como primeira esmola que chegou para a construción dunha pequena igrexa que gardou a imaxe da virxe. A fonte é coñecida, desde entón, como a Fonte Santa.

En 1852 edifícase o santuario, unha elevada construción de perpiaño sobre un xa elevado atrio. O acceso é mediante unha adiantada e chamativa escalinata de dúas entradas, enriba da Fonte Santa de dous canos.

A escalinata serviu de modelo para a construída na baixada á estación de Santiago de Compostela e foi reproducida no *Pueblo Español* de Barcelona. Desde alí hai unha boa vista sobre o amplo e verde val da Maía.

Arte

Na esbelta fachada do santuario destacan as dúas airosas torres de 32,5 metros de altura: unha construída o ano 1885 en estilo barroco, a outra posterior. O primeiro corpo é liso, de moita altura; o segundo ocúpano as campás e o terceiro é unha delgada cúpula redonda con balcoada darredor.

A parte central da fachada, moi equilibrada, serve de unión entre as torres. Portada cadrada de estilo barroco adornada a ambos os dous lados; no friso, unha fornela barroca coa imaxe da Virxe da Escravitude; enriba un reloxo e no frontón, unha cruz.

O interior da igrexa é de planta de cruz latina. Na nave cruceiro, a alta cúpula ten unha campá que se tangue desde a sacristía. A capela maior ten cadros con escenas da Virxe e un retablo pintado en ouro. No camarín a imaxe primitiva, esculpida en pedra, da Virxe da Escravitude rodeada de anxos.

Festa

Día especial no santuario é o 8 de setembro: é a festividade da Virxe da Escravitude. Un día festivo no que os padroneses e visitantes acoden á igrexa, despois celebran a romaría darredor do cruceiro no atrio. Baixo as árbores, polbeiras, orquestras, bombas de palenque, gaitas e bailes alegran o gran día.

Non esquecemos, cando estamos en Padrón, pasar polo Santuario da Escravitude, recordar a tradición e beber da súa Fonte Santa.

Igrexa de San Pedro de Carcacía

Igrexa parroquial de estilo barroco, na fachada destaca a ornamentada portada cadrada e a alta torre campanario á dereita. Bótase en falta outra torre barroca á esquerda.

Enriba da portada, un friso serve de apoio a unha fornela con imaxe e columniñas a ambos os dous lados; despois, unha pequena fiestra cadrada e o remate da cruz acrótera.

BENDICIÓN DA IGREXA DE SANTIAGO APÓSTOLO DE PADRÓN EN 1867

Ángel Rey Castro
Asociación Cultural Villa Petroni

Hai 150 anos inaugurose a actual igrexa parroquial, de estilo neoclásico. A igrexa anterior, do século XV, mandouna construír o arcebispo Lope de Mendoza. Levaba pechada desde o ano 1854 debido ao seu estado ruinoso e trasladouse o culto ao convento do Carme. A igrexa foi derrubada no ano 1855, comezando as obras da nova igrexa ao ano seguinte.

Foi bendita o 27 de novembro de 1867 ás tres e media da tarde.

Reproducimos unha das follas que foron entregadas aos veciños de Padrón polo alcalde da época para dar a coñecer a bendición do novo templo, impresas pola tipografía de M. Mirás. Ás dez da mañá do día seguinte celebrouse a primeira misa.



Bambola
Cafetería
TODOS OS DÍAS DENDE AS 7:30
SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS DENDE AS 9:00
608 919 612 Rúa Longa, 21 - Padrón

DEZ ANOS NON SON NADA

Charanga O Santiaguiño

Esta aventura comeza no 2008, cando un grupo de mozos de Padrón e os seus arredores, movidos por inquedanzas culturais, decidimos poñer en marcha a *Charanga O Santiaguiño*.

Non foi un camiño fácil, sobre todo ao principio. Lembro o noso primeiro ensaio en Extramundi, onde con timidez e un feixe de nervios, comezamos a entoar as primeiras notas coa canción *La campanera*. A cousa non foi mal, posto que dez anos despois, segue a ser a nosa primeira melodía en cada festa á que acudimos.

Co tempo chegou a nosa estrea, afrontada coa mesma ilusión que a dun cativo no seu primeiro día de colexio. Esa actuación foi nas Festas da Pascua de Padrón, ao abeiro dos nosos veciños e amigos.

Despois viñeron moitas máis festas ao longo da xeografía galega. Tamén de Asturias, Castela e León, Portugal... percorrendo todas elas na nosa querida furgoneta do “Equipo A” e levando alegría e boa música a todos os recunchos da terra.

Ao longo deste camiño tivemos a sorte de coñecer a numerosas persoas e amigos que contan connosco, ano tras ano, para amenizar as súas festas e convidarnos a gozalas con eles. O noso agradecemento para aquelas persoas que confiaron en nós desde o principio sempre será infinito.

E aquí estamos, dez anos despois... vivindo momentos bos e malos, como en calquera familia. Sen dúbida, o peor deles foi cando ti nos deixaches; eras o que nos marcaba o ritmo a golpe de bombo, o metrónomo das nosas risas, o irmán pequeno ao que coidar... Agora es o noso anxo, que coida desde arriba que o pulso desta gran familia siga soando coma sempre, porque sempre estarás connosco Cris.

EMPRESAS PADRONESAS

Juan Ramón Baliñas Bueno
Economista

O sector industrial do municipio está moi desenvolvido, conta cun parque empresarial privado e un público. O tecido empresarial fórmano empresas de variados sectores produtivos. Algunhas, sen actividade, deixaron unha grande pegada na vila.

Lámparas Iria S.A.

A fábrica de bombillas Iria, hoxe sen actividade, fundouse en Padrón en 1929. Toda unha factoría innovadora no sector eléctrico, onde traballaban numerosas mulleres ata que o mercado obrigou a pechar.

A fábrica de bombillas de incandescencia Iria está localizada en Iria Flavia, preto da vía do ferrocarril, onde se poden ver os edificios que ocuparon a fábrica de casquillos, o forno de soprado de vidro, a súa cheminea e as oficinas.

José Ramón Pérez de la Riva, un importante comerciante rioxano, establécese en Padrón cun almacén de teas, casa coa padronesa María Dolores Artime, irmá de Eloy Artime Pérez, un republicano alcalde de Santiago casado con Camila Astray.

En 1881 nace en Padrón un fillo de José Ramón e María Dolores, Estanislao Pérez Artime, coñecido en Padrón como "Tanis de la Riva". Tanis casa coa tamén padronesa Ángela Rey Baltar (1884-1964). Tiveron 12 fillos. Dona Ángela contaba ata 85 netos por ambas as dúas partes, aos que daba a peseta dos domingos na súa casa de Vilagarcía.

En 1929 Estanislao Pérez Artime constitúe ante o notario de Padrón a empresa Iria S.A. para fabricar bombillas, cun capital de 1.100.000 pesetas. O 66% era propiedade do fundador e o resto repartido entre o Banco Simeón, os seus irmáns (Isidoro e José), fillos (Pepín, Manuel e Estanislao) e comerciantes varios.

Construídas as instalacións comezan nos primeiros meses de 1929 a produción de bombillas. Utiliza unha patente de invención española para a fabricación de bombillas de incandescencia mercada por Estanislao a Magdalena Salas en 1927. Na fábrica traballan maioritariamente mulleres, a labor requiría mans moi finas.

As primeiras bombillas presentan moitos defectos que o mercado rexeita. Para solucionar o problema, Estanislao contrata, en 1930, ao enxeñeiro alemán Karl Feuchter que decide cambiar a maquinaria obsoleta por outra máis moderna. En 1931 prodúcese a nova bombilla xa aceptada polo mercado, sobre todo durante a Guerra Civil, ao ser a única fábrica na zona nacional.

Estanislao Pérez Artime foi presidente da Deputación da Coruña en 1935 e 1936, do partido de Lerroux, e foi acusado de xefe dos esquerdistas de Padrón e encarcerado en Santiago. As súas boas relacións sacárono do cárcere, mais foi detido no Hotel Compostela (por certo, Estanislao era presidente do consello de administración do hotel). Librouse de cargos pagando unha cantidade (Lei de incautación de bens) e as obras do cárcere de Santiago.

As empresas da competencia baixan os prezos para eliminar o competidor, o que obriga a Iria a producir máis para abaratar os custos. Empeza, ademais, a utilizar a publicidade, primeiro cun *spot* para cine onde se ve a fabricación e escenas de Padrón; despois, anuncios na prensa: "Lámparas Yria, lucen como el sol de España". Tamén participa con *stands* en feiras de mostra, como a Feira do Automóbil en Pontecesures nos anos 1950 e 1954.

A competencia era feroz, debido ao exceso de produción en España, polo que chegaron anos de perdas. En 1944 a empresa decide ampliar o capital a 5 millóns de pesetas, aportando o 30% a familia Artime e o 70% o Banco Simeón.

En 1945 morre Estanislao sendo substituído polo seu fillo Estanislao Pérez Rey. En 1948 a empresa conta con 92 empregados, mais a compañía entra en perdas e, en 1953, redúcese o capital social a 2.5 millóns.

Ese mesmo ano, 1953, a fábrica comeza fabricar tubos fluorescentes da marca Veralux. A empresa vende por toda España e figuran como comerciais os Sres. Moreiras, Carballido e Manuel Baliñas (pai do asinante, que traballou desde 1949 a 1956), mais a demanda era pouca. O xerente era Pepín Pérez Rey e, cando meu pai marchou a outra empresa, dedicoulle unha eloxiosa carta.

Máis adiante, séguese a renovar a maquinaria e fabrícanse novos produtos como os faros Opalux e Reflex. Iria non logra remontar: os anos de perdas, a dura competencia e o exceso de produción de bombillas en España orixinan o pechamento da fábrica a mediados dos anos 70.

Por certo, Cuca Pérez Pita, Cuca Solana, directora da Pasarela Cibeles é neta de Estanislao Pérez Artime; o seu pai tamén naceu en Padrón. O seu outro avó, Víctor Pita, foi o fundador de Conservas Cuca en Vilagarcía de Arousa.

Hoxe de Lámparas Iria só queda a súa sede social, radicada na Coruña.

Farmacia Baltar

Situada na Praza Ángel Baltar Curtés, “a plazuela”, por ser a praza pequena da vila, para distinguila da grande, a Praza de Macías.

En 1816 José Baltar Varela funda a Farmacia Baltar no noroeste da praza. Morre sen descendencia herdando o seu sobriño Ángel Baltar Varela, quen manda construír a actual casa en 1873, onde ata hoxe está situada a farmacia.

Unha bonita casa de estilo neoclásico, do século XIX, moi equilibrada. Na planta baixa hai dúas portas e un escaparate; no primeiro andar, tres balcóns, e no segundo, unha chamativa galería.

A casa ocupa, desde entón, a mesma farmacia e os mesmos donos, os Baltar, unha familia cuxos membros brillaron no mundo da farmacia, a medicina, a avogacía e a política.

Ángel Baltar Varela foi o primeiro licenciado na Facultade de Farmacia na Universidade de Santiago de Compostela, farmacéutico e alcalde de Padrón, en varias ocasións, entre os anos 1820 e 1843.

Nos estantes altos da farmacia vemos os botes nos que se gardaban os elementos para facer os compostos. Foron regalados por John Trulock, o avó de Camilo José Cela, a don Ángel Baltar, a segunda xeración dos Baltar na farmacia.

A súa rebotica era lugar de reunión para diversas tertulias. Era amigo de Murguía e Rosalía de Castro, a quen prestaba libros. Froito desta relación conservou cartas e libros asinados pola autora. Un dos seus fillos foi o famoso cirurxián Ángel Baltar Cortés.

Actualmente cheogouse á sexta xeración da familia Baltar rexentando a bicentenaria farmacia.

A terceira xeración ocúpaa don Ernesto Baltar Cortés; a cuarta, don Manuel Baltar Santaló ata a súa morte en 1981; substitúeo a quinta xeración, don Óscar Baltar Montero, nacido en 1940. Na rebotica celebraba tertulias co ferraxeiro don Virgilio Buela, o médico don Manuel Fraga e o mestre Jesús Santiso, entre outros.

Sucédeo o seu fillo, a sexta xeración e actual xerente desde 2009 don Óscar Baltar Bescansa, emparentado coa familia de farmacéuticos.

A vila de Padrón dá o nome de Baltar a unha pequena praza, en honor ao cirurxián Ángel Baltar Cortés, segundo acordo do concello en agosto de 1947.

Máis de 400 cartas sobre a cultura galega e o galeguismo

Os padroneses Ramón Tojo e Ángel Baltar Varela conservaron as cartas dos que foran os seus amigos: Rosalía de Castro, Murguía, Castelao, Alfredo Brañas, Pérez Lugín e outros.

Os herdeiros (Dolores, Yago e Ernesto Baltar) do avogado Ramón Baltar Feijoo, finado en 2014, entregaron o arquivo privado do seu pai á Fundación Rosalía de Castro, radicada na Casa da Matanza (Padrón).

Ramón Baltar Feijoo (fillo de Ernesto Baltar Santaló), cando era avogado en Padrón, defendeu os intereses económicos das irmás de Castelao.

Son máis de 400 cartas e documentos gardados polos seus antepasados: don Ramón Tojo Pérez e don Ángel Baltar Varela. Cartas que transcorren desde que Rosalía de Castro ocupa a Casa da Matanza, no ano 1883, ata as cartas datadas nos primeiros anos 20.

É un arquivo histórico dos feitos e persoas da cultura galega, agora clasificado e dixitalizado, depositado en Padrón para o estudo dos interesados nestes temas. O arquivo consta de cartas de Rosalía de Castro, Murguía, Castelao, Marqués de Figueroa, Emilia Pardo Bazán, irmáns Dieste ou de Ortega Munilla, entre moitos outros.

Cartas que comentan a creación da Real Academia Galega, a publicación de obras históricas ou literarias, as axudas a Vázquez de Mella, Amor Ruibal, Murguía, etc. Cartas da relación con outros escritores, como Olmet ou Wenceslao Fernández Flórez.Tamén cartas a quen don Ramón Tojo escribía para solicitar concesións a Galicia; cartas cos ministros da época como Francisco Silvela, Castelar, Eduardo Dato ou os irmáns Gasset.

No arquivo pódense ver varias sinaturas de Rosalía de Castro, ou unha carta dirixida a Ángel Baltar Varela, amigo e protector de Rosalía e Murguía. Tamén está o diario de Ángel Baltar con datos da biografía de Rosalía ou os servizos prestados por don Manuel Murguía.

Unha das tres cartas de Castelao, datada en 1919 no Café Moderno de Pontevedra, dirixida a don Ramón Tojo, da Real Academia Galega, explica o seu pensamento político. Castelao declárase: “Soy un nacionalista rabioso [...] He dado un avance muy grande y me gustaría que usted conociese mi nuevo aspecto”.

Agora as cartas están en Padrón, na Fundación Rosalía de Castro, na Casa da Matanza, para que poidan ser coñecidas, estudadas e difundidas polos interesados e intelectuais da Galicia contemporánea.

Financiera Maderera, Finsa

Fundada no Paraíso (Cesures) por D. Manuel García Cambón no ano 1940. Fábrica de aserradoiro de madeiras e despois primeira planta de aglomerado en España.

En 1981 inaugura a segunda planta de Europa en taboleiros de media densidade e comeza a súa expansión por Irlanda e Portugal mediante unha fábrica de taboleiros de fibras.

Picusa

Fábrica de curtidos de peles fundada na Matanza polos empresarios locais Novo e Sierra. En 1940 pasa a propiedade do catalán Sr. Zaragoza, en 1982 cómpraa Rumasa e coa privatización adquírena os grupos Zaragoza e Vila.

É a única planta en España con produción en vacún, lanar e “double face”; realiza o proceso completo en ante e napa. A planta

ocupa 65.000 metros cadrados e traballan 400 empregados; en 1993 facturou 6.100 millóns de pesetas, o 25% adicada á exportación. Subministra peles ás empresas de confección, calzado e marroquinaría.

Aluminios Cortizo S.A.

Fundada en 1972 para a produción de perfil extruído de aluminio. Realiza os procesos de fundición, extrusión, anodizado e lacado. A planta ocupa 25.000 metros cadrados e traballan enla 295 empregados, deles 21 comerciais; en 1993 facturou 4.100 millóns de pesetas, o 25% adicado á exportación.

Outras empresas radicadas no municipio están adicadas á confección, parquet, metal e materiais de construción.

Servizos

En todo o municipio é importante a expansión do sector servizos; sen embargo é necesaria unha maior divulgación, difundir axeitadamente as vantaxes ofertadas, sobre todo no apartado do turismo, con amplo camño por percorrer.

Padrón posúe unha ampla historia e tradición, Berce Xacobeo, Ruta Rosaliana, monumentos como o Pedrón, o Santiaguiño e a igrexa de Iria, museos como a Casa de Rosalía, a Fundación C.J. Cela e o Museo de Arte Sacro; ademais ten unhas extraordinarias paraxes e goza dun bo clima, apropiado para o turismo rural e o agroturismo.

Padrón é centro comarcal; con bo comercio urbano celebra un gran mercado todos os domingos no paseo do Espolón.

lasa

Gráficas Lasa S.L.

+34 981 108 183

Polígono Industrial de Pazos, parc. 13 - CP 15917
Padrón - A Coruña. - www.graficaslasa.com

25 AÑOS EN EL MERCADO NOS APORTAN LA EXPERIENCIA
NECESARIA QUE ES **SINÓNIMO DE CONFIANZA**
PARA NUESTROS CLIENTES.

GADIS

porque sabes elegir

C/ Tetuán 6-8
Teléfono 981 81 70 45
PADRÓN

Padent
CENTRO DENTAL

- IMPLANTES
- PRÓTESIS
- RADIOLOGÍA
- ORTODONCIA

El personal del Centro Dental Padent les desea Felices Fiestas

CITA PREVIA

Telf.: 981 812 016 • Móvil: 679 052 111
Rúa Real, 29 - baixo • 15900 PADRÓN (A CORUÑA)
clinicadental@padent.es
Nº Registro Sanitario: C-15-003896

CINCUENTA ANOS DE SAUDADE ESTUDANTIL

Gonzalo Manuel Castaño Solar

"Dedicado a todos os que aquel día gozamos desa xuntanza. Pero, sobre todo, aos organazidaores polo seu traballo e por facernos volver vivir vellos soños"

Hoxe en día Padrón goza de moi bos centros, nos cales todos os padroneses poden desenvolver, desde a infancia ata a súa mocidade, os seus temas educativos. E para iso conta co CEIP Flavia, Rosalía de Castro e Pousada (Carcacía), ademais do IES Camilo José Cela e Macías O Namorado; uns bos centros que xa quixeran moitas vilas de Galicia.

Mais se retrocedemos cincuenta anos atrás, o sector educativo era totalmente diferente. E foi naquel 1967 cando se inaugurou en Padrón o que sería o xerme do que hoxe temos e podemos presumir, o Colexio Libre Adoptado co nome de "Salas Pombo", o único que albergaba nun radio de 20 quilómetros aos concellos de Valga, Pontecesures, Rianxo, Dodro e Rois. A súa misión era que o bacharel que se ía impartir fose validado alí e non ter que ir examinarse a Santiago. E así varias xeracións de estudantes destes concellos cursaron, ano a ano, os seus estudos neste Colexio Libre Adoptado.

Alí estivemos estudando todos xuntos, rapaces e rapazas; alí vivimos momentos marabillosos; alí fixemos amigos que levamos moi dentro do corazón; alí soubemos o que era a educación e o respecto a todo o profesorado; alí, naquelas vellas paredes, quedaron para sempre recordos de mocidade; alí aprendemos a ser o que hoxe en día somos; alí empezou unha etapa que nos fixo

ver que unha das mellores virtudes que ten esta vida é a amizade; e contando con esta grande palabra, o día sete de outubro do pasado ano e para conmemorar eses cincuenta anos daquel comezo, reunímonos alumnos e profesores daquela promoción no Hostal Sacal para dar renda solta aos recordos, ás sorpresas, a sentir a calor que sempre depara este tipo de xuntanzas. Ese día tiven a boa oportunidade de expresar a todos os presentes o meu sentimento.

Cincuenta anos, case nada. Desde aquel 67 ata hoxe, a todos os que hoxe aquí estamos pasáronnos nas nosas vidas infinidade de cousas boas e cousas malas. Mais así é a vida. Sempre me gustou iso de reunirse, xa vén de familia. Cando o amigo Manolo Buceta comentou, hai tempo, que estaban tentando reunir á plana maior de antigos alumnos do Colexio Libre Adoptado, díxenlle: non esquezas dicirmo. Claro, pasou o tempo e o bo de Manolo esqueceuno. E cando o meu querido compadre José Antonio Pérez o publicou en El Correo Gallego, púxenme rapidamente en contacto para saber se aínda había a posibilidade de poder gozar desta xuntanza de antigos alumnos. E aquí me tedes.

Agora, cando os meus ollos (que xa non ven como naquel 67) tentan, desde esta prespectiva, vervos a todos, vénme a imaxe daqueles tolos anos de mocidade. Hoxe xa non somos aqueles. As canas, as calvas, a escaseza de pelo e as engurras vannos acentuando o rostro e o noso propio físico, mais non o noso interior, iso sigue intacto, coas nosas bonitas lembranzas que cada un ten daqueles marabillosos anos do bacharel.

Cada vez que penso o moito que tiveron que aturar a infinidade de profesores que por alí pasaron... e cito: Marcelo, o padre César, Joaquín, Canle, Salvador Pazos, Marisé, Victor, José Manuel, Isabel, Fita, Conchita e o meu admirado Ramón Vázquez Casasnovas. Moitos deles xa non están entre nós e pido perdón mais sei que esquezo algúns. A este último téñolle unha admiración especial. Primeiro, por crear para toda a comarca a primeira liga do Sar, un auténtico bombazo naquela época; segundo, por implicarse por todo o que leve o nome de Padrón; e terceiro porque, sen medios, argallou a maneira

prodixiosa de que os que hoxe aquí estamos amemos dunha maneira especial o deporte, ese que el sempre levou a flor de pel. Aínda lembro como amañou para que practicasemos o voleibol. A rede? Era o traveseiro horizontal da portería do campo de fútbol. E uns a un lado e outros ao outro. E ata chegamos a participar naqueles campionatos con moi bos resultados. Así mesmo fixo con máis deportes. Todo un xenio o meu admirado D. Ramón.

No que a min respecta, nunca fun un bo estudante, custábame coller os libros e supoño que coma min, moitos máis. E fixemos naqueles anos algunhas falcatruadas que case me custan a expulsión, mais finalmente o bo profesorado foi compasivo, cousa da que hoxe en día lles estou moi agradecido.

Quero aproveitar tamén, xa que teño a oportunidade, para agradecer á nosa directora a comprensión daquela nai que acudía a ela, desesperada, para tentar que un dos seus fillos, que era eu, tivese un título. Grazas. Quero acordarme, ademais, daqueles conserxes: un coñeciámolo polo nome cariñoso de "Cheroke", mentres que o outro era o Sr. Leandro, ambos os dous tiveron que aturar o inimaxinable. Vaites que se aturaron!

Teño unha boa anécdota que supoño lembraredes e foi case nos comenzos. Estabamos en clase de francés, aquel día o profesor era Marcelo e uns dos temas que estabamos a tratar era sobre os paxaros. Nun momento parou a clase e, ao que estaba falando en vez de atender, dille Marcelo: A ver "fulanito", como se di paxaro en francés? Ao que que el respondeu: "Pajaraus". As risas causaron un estrondo en toda a aula. Mandouno saír da clase e xa podedes imaxinar cal foi o castigo que aplicaba Marcelo. Hoxe en día, a este compañeiro xa o coñecemos por esa famosa palabra.

E non quero estenderme máis. Agora que a maior parte estamos xubilados ou a piques de facelo, con fillos e moitos con netos, e cando botamos a vista atrás vemos que parece que foi onte, que compartiamos o xogar á peseta na parede do instituto, ou xogar ao fútbol naquel campo ateigado de eucaliptos no noso querido Souto, e fumar ás agachadas, ou o botar o ollo ás boas compañeiras que compartían clase. Recordos que temos moi gravados dentro de nós.

A vida é como un camiño que temos que percorrer cada día e váisenos facendo cada vez máis curto. Uns non o puideron acabar de percorrer (para eles un recordo moi especial), outros, por enfermidade, cústalles ir camiñándoo. Vaia desde aquí o noso apoio máis sincero. Pero hoxe os que aquí estamos, ilusionados, mirándonos uns aos outros como bos compañeiros, quizais os ollos se nos arroiben un poco polo que estamos a vivir despois de tanto tempo sen vernos, pero temos ilusión e esperanza por seguir camiñando no seu carreiro e poder gozar das boas cousas que sempre nos deparan os camiños. E oxalá que o camiño sexa longo para todos os presentes. É o meu mellor desexo.

//ABANCA

Linda Leliña
Lo más en moda infantil de 0 a 12 años
C/. Teluán, nº 2 Tel.: 981811752 Padrón

deportes
ESTORNELA
Rúa Pérsico, 4. Padrón
Tf 981 811 809 info@estornela.es
www.estornela.es
facebook Deportes Estornela

RIPERFER S.L.
FERRETERIA
E-mail: ferreteria@riperfer.es
ferretería en general, pinturas, hierros, maquinaria, azulejos, sanitarios, caza, pesca, etc ...
Avda. Pontecesures 15
15900 Padrón (A Coruña)
t. 981 810 464 f. 981 817 021
almacén de materiales de construcción, piedras naturales, morteros, tejas, chapas fibrocemento, tuberías, etc ...
Ctra. Nacional 550, km. 78
15980 Escravitude, Padrón
t. | f. 981 803 667 m. 670 704 359

OS APROVEITAMENTOS HIDROELÉCTRICOS NO RÍO ULLA

X. Carlos Beiró Piñeiro

Unha forma peculiar de definir Galicia foi a realizada polo escritor Álvaro Cunqueiro. O fabulador mindoniense referíase a este país como a terra dos dez mil ríos, e non lle faltaba razón, se ben unha preceptiva definición do termo río e a inclusión nela dos regatos, regueiros, canles..., ademais dunha análise moi minuciosa da cartografía galega, permita incrementar aquela cifra ata os cen mil ríos ou regatos. Dentro deles o río Ulla é, despois do Miño, o río de cunca máis extenso de Galicia.

Partindo desta premisa e tendo en conta que, desde finais do século XIX e principios do XX, a electricidade cobrou moita importancia como nova fonte de enerxía, entenderase mellor que a auga se convertese no principal recurso para a obtención de electricidade. Deste xeito, as peculiares condicións xeolóxicas e orográficas do río Ulla propiciaron o interese na construción no seu curso de diversos encoros.

Este interese levou a que, en 1900, o enxeñeiro Estanislao Pan y Pérez presentase un proxecto de aproveitamento de augas no río Ulla co fin de producir electricidade. O seu plan partía, primeiramente, dun estudo do río e das facilidades xeográficas existentes no seu curso fluvial para construír, na parroquia de San Pedro de Carcacía, un salto hidráulico. Amais, en segundo lugar, analizou a proximidade dos centros de consumo, representados polas cidades de Santiago de Compostela, Pontevedra e as vilas de Padrón, Pontecesures, Dodro, Rianxo, Rois e Teo e, como non, as súas incipientes industrias que se beneficiarían ao adoptar esta fonte de enerxía nunhas mellores condicións económicas. O enxeñeiro considerou no seu proxecto a incidencia que tería esta fonte de enerxía tanto na nova fábrica azucreira, que se estaba a construír en Santa María de Iria, como na transformación que sufrirían os actuais teares, antigos e primitivos, ao converterse en auténticas fábricas téxtiles á similitude das existentes en Cataluña.

O seu proxecto consistía en establecer unha pequena presa no río Ulla, na parroquia de San Pedro de Carcacía, que canalizaría, mediante unha canle de case dous quilómetros de lonxitude, a auga ata unha cámara de presión onde o líquido, por medio de catro tubos de metro e medio de diámetro, se canalizaría a dúas turbinas de aspiración, encargadas de transmitir o movemento mecánico das súas hélices a catro dínamos onde se transformaría en enerxía eléctrica.

Estas dinamos goreceríanse nun edificio de nova construción dunha soa planta, coa cuberta a dúas augas de ferro galvanizado e armazón de ferro e madeira. No seu interior dispoñeríanse, ademais da sala de máquinas, as oficinas, os cuartos de descanso, de comprobación, de contadores e un almacén de materiais.

A enerxía eléctrica achegaríase aos centros de consumo mediante un tendido eléctrico de postes de piñeiro do país de nove metros de largo, agás os instalados a carón da estrada que terán case doce metros.

Esta impresionante obra presupostouse en case 80.000 pesetas, das que 13.000 serían para a presa, 40.000 para a canle de derivación e pouco máis de 2.000 para a cámara de presión, 9.000 para as tubarías e 10.000 para o edificio e o resto para imprevistos. As tarifas que o enxeñeiro Pan y Pérez presentou partían do prezo dunha peseta por quilovatio hora, mentres que o aluguer dos contadores abranguía dende 2,50 pesetas o dun contador de 12 unidades, ata as 8 pesetas o aluguer dun de 50 unidades.

Este proxecto prexudicaría a varios veciños da zona, por exemplo a José e Antonio Varela do lugar de Barcala, a Rafael Varela e Ramón Romero de Carcacía, a Ramón Fernández de Herbón e, como non, ás comunidades de montes das parroquias de Santa María de Herbón e San Pedro de Carcacía, que verían afectadas moitas das súas propiedades.

A pesares da minuciosidade deste proxecto, a súa realización non se levou a cabo. As razóns foron varias, pero, sobre todo, foi a falla de capital suficiente para afrontar este reto, ademais da carestía dos materiais e as dificultades económicas do momento.

Mais o interese empresarial por producir enerxía eléctrica nesta zona non desapareceu, senón que se mantivo aletargado ata 1942, cando outro enxeñeiro, José María Gascue Echevarría, solicitou autorización para derivar augas do río Ulla con destino á produción de enerxía eléctrica mediante un proxecto redactado en Madrid polo enxeñeiro Manuel Lanzón y Surroca.

O seu plan consistía na construción dun salto de auga na parroquia padronesa de Santa María de Herbón, destinado a producir enerxía eléctrica para a iluminación e usos industriais, principalmente, dos núcleos de Santiago de Compostela, Padrón, Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis, A Estrada... e tamén para o ferrocarril Zamora-Coruña.

A presa construiríase na parte máis estreita do val, ao final da zona de rápidos, por ser a zona máis angosta, ter unha maior pendente e ser de pouco valor os terreos a utilizar. Embalsaría as augas nun vaso longo e estreito, de máis de seis quilómetros de cola e de cen metros de anchura, e a altura do salto sería de case 19 metros.

O 30 de setembro de 1944 autorizouse o proxecto cunha serie de condicións, por exemplo o volume máximo autorizado sería de 25.000 litros por segundo e estaría subordinado á realización polo Estado das obras da canle de rego do río Ulla, que figuraba no Plan de Obras Hidráulicas antes mencionado; o prazo de realización das obras duraría tres anos; o prazo de concesión da explotación abranguería de 75 anos pasado o cal reverterían ao Estado todas as instalacións; e, como veremos, a condición máis importante era que o incumprimento por parte do concesionario de calquera das condicións establecidas no prego suporía a súa caducidade. O volume de auga embalsada sería de 5 millóns de metros cúbicos e o seu presuposto ascendería a cinco millóns de pesetas da época. As obras e a ocupación dos terreos suporían a expropiación de 42 hectáreas e afectaría a unha pesqueira de salmóns e outra de lampreas, amais de prexudicar ás propiedades de Manuel Bandín; Andrés Regueiro; José, Carmen e Ramón López; Manuel Sánchez; José Roque; José Romero, Manuel Varela; María Balado; Josefa Carril; Encarnación Pérez Calvelo; Generosa Miguéns e Ramón Rarís.

Ademais, este proxecto tiña en contra a posible construción polo Estado dunha canle de rego do río Ulla, que figuraba no Plan Xeral de Obras Hidráulicas aprobado en 1902 e que serviría para regar as veigas de Valga e Padrón, grazas a un caudal de 1.200 litros por segundo.

Pese á autorización concedida, as obras non se executaron debido ás grandes dificultades para cumprir tanto as condicións coma os prazos establecidos e, por iso, o promotor solicitou sucesivas prórrogas do proxecto. Pero os servizos de augas da zona norte comprobaron que os incumprimentos ían en aumento, o que propiciou que o enxeñeiro xefe informase ao concesionario de que as obras tiñan que rematar o 1 de novembro de 1949.

Pese a este ultimato, o concesionario non cumpriu coas condicións establecidas e o 21 de abril de 1951 os servizos hidráulicos da zona norte publicaron un anuncio no que informaron sobre a instrución dun expediente de caducidade e, cinco anos despois, o 7 de maio de 1956 resólvese dar como caducada a concesión, polo que a construción dunha presa e a explotación eléctrica da cunca do Ulla anuláronse e este río chegou ata nós como hoxe o coñecemos.



porque somos de fiar

lotería

golfiño

Pontecesures

AV. DE AROUSA Nº4 TELF. 986 557 114

BERMA

CANASTILLA - BEBÉ Y LENCERÍA

Rúa Longa, 31
Teléfono 981 81 20 38
15900 PADRON (A Coruña)

EXCLUSIVAS PEREGRINO S.L.

DISTRIBUIDOR DE GOLOSINAS Y FRUTOS SECOS

VENTAS AL POR MAYOR Y AL DETALLE

Extramundi de abaixo, nº 5 • PADRON
Tlfs. 981 81 08 74 - 981 81 10 90 • Fax 981 81 10 90

AGROFAUNA
PADRÓN

PIENSOS ADIESTRAMIENTO CANINO CEREALES
TIENDA ESPECIALIZADA EN AVES MAQUINARIA
FERTILIZANTES CONSUMIBLES: PATATAS, CEBOLLAS...

VERSELE-LAGA nucamsa bonmascota

Av. Pontecesures nº 1 bajo Tlf. 981 81 03 33 - 630 97 07 71

Begoña Grela Caínzos

ABOGADA

Especialidad en Derecho de Familia
(separaciones, divorcios, liquidación de gananciales...)

CITA PREVIA 676 10 79 78

Rúa Real 20 - 1º D - PADRÓN 981 81 24 77 begogrela@hotmail.com

CENTRO ÓPTICO
BRAGADO

- REVISIÓN GRATUITA DE OIDO
- LENTILLAS DE COLOR
- LENTILLAS
- APARATOS PARA SORDOS
- GRADUAMOS SU VISTA GRATIS
- DETECCIÓN PRECOZ DE LA TENSIÓN

ÁNGELA L. BRAGADO GRELA
ÓPTICO - OPTOMETRISTA

C/ Rúa Longa nº31
Tlf. 981 81 02 38

15900 PADRÓN (A CORUÑA)

Loterías y Apuestas
del Estado

ADMINISTRACIÓN
DE LOTERÍAS, N.º 2

Plaza del Castro nº 6 - Padrón
teléfonos 981 810 561 - 981 803 212

DR. D. JOSÉ SEBE MÉNDEZ:
MÉDICO DE VOCACIÓN E PADRONÉS DE CORAZÓN

Arturo Manuel Reboyras Villaverde

"Un pobo que non coñece a súa historia,non poderá entender o seu presente nin construír o seu futuro". (Helmut Khol)

O prometido é débeda: pechaba o artigo do ano pasado neste tradicional libro que anuncia as nosas Festas patronais, adiantando aos seus lectores que este ano escribiría sobre a figura do Dr. Sebe.

José Benito Sebe Méndez naceu na compostelá rúa de San Clemente en 1903. Fillo de D. Benito Sebe Lorenzo (médico de Ribasar e Rois durante 43 anos) e Dª María Méndez, tivo cinco irmáns: Sara (mestra), María, Sofía, Amalia e Enrique (médico no Concello de Rois).

Estudou o bacharelato en Santiago, licenciándose na súa Facultade de Medicina aos 24 anos. Tras realizar o servizo militar en África, casou con Dª Elena Pereira Sánchez, coa la que tivo dúas fillas: Mª Elena e Ana Mª (ambas as dúas farmacéuticas, en Valga e Vigo).

Viviu na Escravitude, onde comezou a exercer a súa profesión, aínda que despois mudou a Padrón e, máis tarde aos concellos veciños de Dodro e Rois.

En 1930 outorgáronlle a praza de Inspector Municipal de Sanidade, e ao mesmo tempo que desenvolvía o seu traballo, en 1963 logrou sacar a especialidade en Patoloxía do aparello dixestivo, en Madrid. Xa na súa casa de Padrón, convertida nun pequeno sanatorio, realizou numerosas intervencións, e tivo o primeiro aparello de Raios X da comarca.

A súa valía como médico fica demostrada coa medalla de ouro ao Mérito no Traballo que lle foi outorgada en 1973. Mais D. José, home de extraordinaria sabedoría,"padronesista ata a medula" e sempre disposto a colaborar, se por algo destacou ao longo do seu periplo vital foi pola súa bonhomía.

Tiven a grande sorte de coñecelo e cando ía á súa consulta, ante ante a miña emocionada nai, dicíame: "Arturo, teu avó foi meu amigo; teu pai tamén. ¿Queres ser ti meu amigo?.¡Si, Don José!". Despois dunha agarimosa charla mesturada con ética aristotélica, os malestares, como por engado, desaparecían. Así era profesionalmente o Dr. Sebe, definido polo meu amigo Masito Beiro como "o médico dos pobres", pois ninguén ficaba sen consultar aínda que non tivese medios para pagalo.

O Sebe altruísta

D.José colaborou desinteresadamente, tanto profesionalmente como con axudas económicas, con quen o precisara. Así, numerosas veces, aportou donativos ás Igrexas de Padrón e Escravitude, como tamén aos conventos dos Dominicos e Franciscanos.

Foi delegado da Comisión organizadora do monumento a Rosalía Castro no Espolón, inaugurado en Abril de 1957, facendo entrega dunha bandexa de prata a Dª Gala Murguía (filla de Rosalía) cunha expresiva lenda (a obra realizada polo mestre Asorey tivo un custo de máis de 100.000 pesetas, recadándose por subscrición popular menos de 50.000). Ademais colaborou con diferentes comisións organizadoras das festas da Pascua e, de 1963 a 1967, presidiu a Sociedade Cultural Padronesa. Baixo o seu mandato mercáronse os terreos e construíuse o edificio da Sociedade. Mentres se edificou, cedeu un piso da súa propiedade para que os socios puidesen reunirse.

Sendo o asinante secretario de dita entidade, atopou un manuscrito do Dr. Sebe no que exoneraba á Sociedade e aos seus socios dunha cantidade de 300.000 pesetas, que adiantara para realizar as obras (aplicando o IPC de 1965 a esta cantidade resultarían ser hoxe unhas 9.500.000 pesetas, aproximadamente 57.500€). Sebe foi nomeado Presidente de Honor da Sociedade en 1974.

Animado por un grupo de afeccionados entrou no mundo do fútbol tomando as rendas dun recentemente creado Padrón S.D. Baixo a súa presidencia (1973-1979) o club ascendeu desde a Liga do Sar (2ª rexional) a Preferente, e foi subcampión galego de afeccionados. Das innumerables melloras no estadio, destacan unha pequena tribuna ("o alpendre" como o definiu o recordado adestrador Pepe Otero) e a renovación do céspede, que todos os afeccionados e xogadores forasteiros destacaban como "o mellor terreo de xogo de Galicia". As reunións da xunta directiva realizábanse na sala de espera da súa clínica.

En 1979, cando a enfermidade (cantas tratou ao logo da súa vida) comezou a minar a súa saúde, recibiu a insignia de ouro da Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón. D. José Sebe finou o 5 de novembro de 1979, aos 76 anos. A asistencia ao seu funeral, celebrado na Igrexa Parroquial, e posterior enterro foi multitudinaria. Ese día todos sus pacientes, favorecidos, directivos e amigos de Padrón e concellos lindeiros brindámoslle unha sentida homenaxe.

Finalizo este artigo como rematou D. José o seu en 1963: *Padronés ou forasteiro: afúndete, con sa intención, na riada de solaz que son as Festas de Pascua padronesas*.

iluminaciones
SANTIAGUESAS
Iluminaciones artísticas e instalaciones eléctricas

t. l. f. 981 548 309
móvil (Miguel) 639 645 510 l 669 822 494
iluminasan@msn.com

Pol. Industrial da Picaraña nº 1
Escravitude
15980 Padrón

ROOMEL

ROO MONTAJES ELÉCTRICOS, S.L.

Teléfono 981 81 21 22
Avda. Compostela, nº 16 bajo
15900 PADRÓN
www.roomel.net

SALON
DE
BELLEZA

RT

Rosa Mary

Tlf. 981 81 14 66
R/ Real 21 Entreplanta 15900 PADRÓN

Lingoriña
GABINETE LOGOPEDIA

Nerea Tourís Tubío
LOGOPEDA COLEGIADA 15/377

Tlf. 628 723 959
lingorinalogopedia@gmail.com

Avda. de Pontecesures nº 1 -2 Izq. 15900 PADRÓN

LEMBRANDO A ÁNGEL GRELA LÓPEZ

Ángel Rey Castro
Asociación Cultural Villa Petroni

Naceu en Pontecesures o 6 de xuño de 1937. Os seus primeros pasos no boxeo foron da man de Jorge dos Santos na Sala Iberia de Tenerife. Grela chegara a Canarias nun buque petroleiro de Cepsa, no que se enrolara para traballar. Con dotes atléticas naturais, disputou moitos combates dentro da categoría dos pesos pesados.

Debutou como afeccionado ante o peso pesado tinerfeño Young Tower, vencendo aos puntos. Unha das vitorias máis importantes da súa carreira *amateur* conseguíuna fronte a Kid Teror, quen fora campión de España dos pesos pesados en varias ocasións.

En 1960 formou parte da seleccion tinerfeña. Viaxou ata Valencia para disputar os XXXII Campionatos de España de boxeo afeccionado. O equipo tinerfeño estaba composto por oito boxeadores: o peso mosca Severiano Rosado Mesa, o peso galo Francisco Martín Santacruz, o peso pluma Ángel Chinea Campos, o peso lixeiro Chicho González Morales, o superlixeiro Manuel "Zurdo" Fernández, o peso *welter* Raimundo "Kid Martín" Estévez, o peso medio Juan "Sugar II" Hernández e o peso semipesado Ángel Grela López. Tras noquear ao alicantino Guillén no primeiro asalto, perdeu por idéntico resultado no segundo *round* ante o gaditano González.

Despois dos campionatos de Valencia segue a súa carreira amateur noqueando en dous asaltos ao neo-profesional Matías. Perde aos puntos con Young Tower e fai unha exhibición a seis asaltos con Mena.

Tempo despois, e co gallo da visita que fai a Tenerife Vicente Gil García, presidente da Federación Española de Boxeo e da *European Boxing Union*, chegan a un acordo e Grela viaxa a Madrid, onde iniciará a súa etapa como boxeador profesional.

Grela ten recoñecido, polo mundo do boxeo, unha pegada de potencia extraordinaria e demoledora. Desta maneira, non tiña termo medio nos seus combates e na maioría deles, ou gañaba por K.O. ou perdía tamén por K.O. Saía ao *ring* a todo ou nada.

Despois dun percorrido polos cuadriláteros de Suecia, Noruega, Finlandia, Dinamarca e Arxentina, onde acadou moitas vitorias pola vía rápida, retorna a España e noquea nun só asalto a Jack Taruk.

En outubro de 1965, no Palacio dos Deportes de Madrid, gañou o título de Campión de España dos pesos cruceiros ao conseguir a vitoria por K.O. ante José Luis Velasco, no noveno asalto, tras un tremendo golpe de dereita.

Os xornais da época con tirada nacional fanse eco da nova. O xornal ABC, no 23 de outubro de 1965, publica:

"**Angel Grela, nuevo titular español de los semipesados [...] venció por fuera de combate, en el noveno asalto, a José Luís Velasco. La pelea fué muy dura, y a partir del séptimo asalto, Grela sometió a su contrincante a un duro castigo, para vencer por K.O. en el noveno. Grela posee una pegada fortísima, es un púgil bravo, con mucho coraje. El público ovacionó largamente al nuevo campeón por su estilo y bravura**".

Tempo máis tarde, Velasco recuperaría o título.

En Padrón, a figura de Grela foi o aliciente que propiciou o rexurdir do boxeo na comarca. Nun dos combates de boxeo organizados en Padrón, o aspirante ao título nacional dos pesos pesados, Francisco Romero, caía derrotado no cuarto asalto por Grela.

Ao peso pesado vasco José Manuel Gaztañaga tumbouno por K.O. nun único asalto. E tamén, en Padrón, disputou un combate con Mariano Echevarría, campión de España do peso pesado.

En 1970 , con 33 anos, retírase do boxeo . Pouco tempo despois, o director de cine Manuel Summer deulle un papel na película *El rey de la selva,* xunto ao campión europeo José Manuel Ibar "Urtain".

En xullo de 1987, mantendo unha entrevista telefónica no xornal tinerfeño *Jornada* , Grela manifestaba que:

"**Combatí en casi todos los países de Europa. Sólo en Oslo hice más de 10 combates. Llegué a disputar, como profesional, cerca de 60 combates, de los cuales muchos no figuran en los rankings de la Federación Española, como, por ejemplo, el que disputé en Buenos Aires, concretamente en el Luna Park frente a Goyo Peralta, cuando éste estaba en pleno apogeo.**"

Tempo máis tarde dedícase ao cobro de morosos. Para iso crea unha empresa chamada *Ejecutiva de Cobros y Servicios*, con despachos no Milladoiro e na rúa Alfredo Brañas, de Santiago de Compostela. Traballou para firmas importantes prestando servizos de xestión de impagos e, tamén, para empresarios locais.

Criticado ás veces polos seus métodos expeditivos, o certo é que estes nada teñen que ver coa maneira na que actúan hoxe en día

as numerosas empresas que se dedican ao sector de cobros a morosos. Dicía que el defendía os intereses dos seus clientes e quen contrataba os seus servizos facíao porque era coñocedor do seu modo de traballar.

Presumía de ser natural de Padrón, e de pasear o nome da súa vila polo mundo. Levaba razón niso, xa que os xornais de tirada nacional nas décadas de 1960 e 1970, con titulares como **“Grela, el boxeador de puños de hierro”,“Grela, aclamado”, “Grela, el mejor semipesado español del momento”, “Grela, en 10 combates, nueve victorias por K.O.”** ou **“Grela noqueó a Castañaga en treinta segundos”**, entre outros moitos, causaban furor e deron a coñocer e situaron a Padrón no mapa nuns tempos nos que a promoción turística da vila non era a actual, nin existían os medios de difusión que ofrecen as novas tecnoloxías para iso.

Finou o 24 de xullo de 2016 tras unha longa enfermidade. Non houbo velatorio nin funeral. A Fundación Pública Galega para a tutela de personas adultas, FUNGA, encargouse da súa incineración a través da funeraria Albia. Só houbo unha chamada ao meu número de teléfono para comunicarme o seu falecemento e nese mesmo día anuncieillo á prensa, que se fixo eco da nova.

Mereceu distinción e recoñecemento, sen que o pobo soubera darllo, como ben apunta o seu amigo Fernando Castaño Solar nun emotivo e logrado artigo titulado “Hasta pronto, campeón”, publicado no 27 de xullo de 2016 na sección Tribuna Libre de *El Correo Gallego*, tras o seu falecemento.

O periodista e escritor José Luís Alvite, finado un tempo antes que Grela, dedicoulle numerosos artigos na prensa, e foi un incondicional defensor da su figura e lado humano. Nunha conversa con el, falando acerca dun artigo seu sobre Grela, publicado co título “La balada de los ciervos de Wolfrang” , sentíase moi molesto con aqueles que o criticaban e contaba que sempre falaban mal de Grela os mediocres e envexosos que carecían do seu garbo e do su porte. Tamén apuntaba que Grela só podía ser entendido polos “bos e xenerosos”, como di o verso de Eduardo Pondal nas estrofas que conforman o Himno Galego. Para quen coñeza como continúan o versos, non hai máis que explicar.

Si queres Pementos, e bo viño Albariño e Ribeiro visita **Casa DIOS** *que é o primeiro*

Teléfono 981 81 08 55 • HERBÓN • PADRÓN (A Coruña)

seguros

Rial

Mary Ángeles González Rial

Agente de Seguros

HORARIO
De martes a viernes
De 10.00 a 14.00
Domingo (cita previa)
Lunes y sábados cerrado

685 581 069 • 881 123 945

ob4f@ocaso.es

CaixaBank

PADRÓN: Avda. Compostela, 30 - 15900 PADRÓN
Telf. 881 03 09 10 - Fax 981 81 73 55

TIENDAS
Pillados
MULTIMARCA
ONLY & SONS
NIKE
VERO MODA
Xti
SELECTED
mustang
tiendaspillados
BOIRO - CANGAS - CARBALLO - CEE - PADRON - RIBEIRA

patronus
ASESORÍA
CONTABLE - FISCAL - LABORAL
Alfonso Fernández Pérez
Economista
Colegiado nº C5513
Rúa Enlace Parque 2, Bajo Izq.
15900 Padrón (A Coruña)
e-mail: asesoria@patronus.es
Tel: 881957392 - 665807253

ecocorum
Rosacel
c/Juan Carlos I Galerías Dorna
Villagarcía de arousa
Pontevedra
Cp.- 36600
Extramundi de Arriba
Padrón A Coruña
Cp.-15910
Movil- 675 73 14 19
Telf.986 18 61 74
Energía verde
VENTA E INSTALACION DE ESTUFAS Y
CALDERAS DE BIOMASA
ILUMINACCION LED
ELECTRICIDADE
FONTANERIA
CALEFACCION
Servicio técnico propio
D'ALESSANDRO
Granalor

Tu taller de
confianza
PAZOS MOTOR
TALLER DE AUTOMOCIÓN
Polígono de Pazos
Calle Circular Sur, nave 31
15900 PADRÓN (A Coruña)
pazosmotor@gmail.com
Tfno. Taller: 981 812 262
José Ces: 671 264 003
César Castro: 671 264 001

ACERCA DA TUMBA DE D. ALONSO DE LA PEÑA RIVAS E MONTENEGRO

Ángel Rey Castro
Asociación Cultural Villa Petroni

A mellor maneira de coñecer a súa biografía é a través do libro "El Obispo de Quito D. Alonso de la Peña y Montenegro" 1596-1687, do P. Manuel Bandín Hermo, publicado polo "Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto Santo Toribio de Mogroviejo", en xaneiro de 1951, que conforma a tese doutoral do P. Bandín, nacido en Requeixo (Cesures) o 20 de agosto de 1891.

D. Alonso de la Peña naceu en Padrón o 27 de Abril de 1596, sendo bautizado na igrexa de Santa María de Iria Flavia. Foi Reitor da Universidade de Santiago. O Rei Felipe IV nomeouno Bispo de Quito para reemprazar a Monseñor Agustín de Ugarte e Saravia cando contaba con sesenta anos de idade. Chega a Quito no ano 1654, sendo o XI Bispo da Santa Igrexa de San Francisco de Quito, no Reino do Perú. Tamén foi nomeado Virrei do Perú. O Virreinato do Perú abarcaba, naquela época, case toda América do Sur. No 12 de mio de 1688 finou en Quito, sendo alí enterrado.

Ordeou a reedificación da casa natal de Padrón, na actual rúa Dolores, coñecida como O pazo de Quito, e puxo cartos do su patrimonio para custear os gastos de construción do convento dos Carmelitas de Padrón, en terreos cedidos polos Marqueses de Parga.

Tamén mandou construír o seu panteón na Colexiata de Iria Flavia. Debido a elo, no costado sur do transepto da igrexa, foi engadida no século XVIII a capela de San Ildefonso e, no costado esquerdo da capela, baixo un arco, está o seu sepulcro. É un mausoleo cunha estatua orante do bispo, obra do arquitecto Melchor de Velasco, enriba da cal está o seu escudo de armas.

O bispo deixou disposto que, ao morrer, os seus restos debían ser enterrados no panteón que mandara construír na igrexa de Iria, pero os seus descendentes non cumpriron a súa vontade.

Sendo una figura de gran relevancia para Padrón polas obras que mandou construír e que forman parte do patrimonio histórico, artístico e cultural da vila, como o Convento do Carme, o Pazo de Quito na rúa Dolores, a capela de San Ildefonso na igrexa de Iria, ademais doutra serie de doazóns e fundacións para obras pías que se recollen na obra citada do P. Manuel Bandín Hermo, xurdiu a idea de iniciar os trámites e xestións necesarios para trasladar os sus restos mortais desde Quito ata o panteón que mandou construír para elo na igrexa de Iria.

Para elo fixéronse xestións con diversas Institucions de Quito, en Ecuador, que acolleron de forma moi favorable a proposta, e

enviaron unha pronta resposta, así como unha total colaboración. Amoso o agradecemento pola axuda prestada a:

- José Luis Verdú Carrasco, Xefe adxunto da Secretaría de Despacho da Casa de Súa Maxestade O Rei de España.
- José María Arias Mosquera, Presidente da Fundación Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa.
- Dna. Angélica Arias, Directora do Instituto Metropolitano de Patrimonio de Quito. Ecuador.
- D. Joaquín F. Moscoso, Director do Instituto Nacional de Patrimonio Cultural de Quito. Ecuador.
- Dna. Natalia Cárdenas. Subsecretaría Xeral do Despacho Presidencial da República do Ecuador.
- P. Néstor Torres López, Chanceler da Catedral Metropolitana de Quito. Ecuador.
- D. Rodolfo Pérez Pimentel, historiador e biógrafo de Ecuador.
- Licenciada Dna. Nancy Moran Proaño, historiadora e investigadora de Quito. Ecuador.

Lamentablemente, polas últimas informacións remitidas desde Quito, a igrexa da Catedral, ao longo da historia, sufriu numerosas intervencións arquitectónicas debido aos desastres que ocasionaron os continuos terremotos que soportou a cidade, cuxas reparacións e remodelacións probablemente borrasen todo rastro da tumba do bispo. Tamén confirman que os seus expedientes están desaparecidos dos arquivos, acaso intencionadamente.

De todas maneiras, tamén informan que consideran moi interesante o traballo proposto e que se van manter involucrados no mesmo, poñendo todo o seu empeño en continuar a investigación por se nalgún momento aparecen novos datos que poidan determinar a ubicación da tumba de D. Alonso de la Peña e así poder continuar co proxecto de traslación dos seus restos mortais ao panteón de Iria Flavia.

Panteón de D. Alonso de la Peña e Montenegro, na igrexa de Iria Flavia

O FORNO
DE VELO
Rúa Longa - 24 - Padrón 981 811 345

Rúa Ferreiros nº 8 (Praza das Travesas) 15900 Padrón (A Coruña) LUNS PECHADO

Plaza de Macías 5 Bajo
Padrón
www.vicentefotografo.pro
TF 981810953 / 677733573
Reportajes de Boda, Comunión y Bautizo
Revelado Digital

Bustelo

SERVICIO DEAUTOCARES

Teléfono: 981 80 40 00
Fax: 981 80 00 65
www.autocaresbustelo.es
info@autocaresbustelo.es

Polígono de Pazos - Padrón (A Coruña)

EULOGIO VIÑAL

OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

Penateixa, 13
GANDARA (Oroso)
Teléfonos: 981 69 15 45
981 68 85 47
Fax: 981 68 89 46

Motos

J. COSTA

Servicio Oficial:

KAWASAKI - HONDA - SUZUKI
YAMAHA - DUCATI - TRIUMPH

GRAN SURTIDO EN BOUTIQUE
SERVICIO DE RECOLLIDA

Rúa do Carme, 65
(frente o instituto)
PADRÓN

981 811 515
626 228 916

Casa robas

Servicio Técnico

www.casagrobas.com 981 81 01 52 info@casagrobas.com

OLLADAS

Germán Cruces Rajoán

O Padrón máis monumental

Padrón é unha peza clave da historia e da cultura galega e española. Non existe unha vila tan pequena con tanta sona, de tradicións intocables, sen pretensións, pero que consegue ser punto de mira por milleiros de razóns.

Parece ter un halo de espiritualidade e sensibilidade especiais que a tantos e a tantas inspirou. Eu, como padronés de nacemento e feito, síntome moi orgulloso de formar parte dese halo e gustaríame trasladarvos o sentimento máis profundo de Padrón a través dalgunhas instantáneas dos seus monumentos. Que, senón, reflicte mellor o pasado dun lugar? Son historia vivente, alicerces do noso crecemento, punto de referencia e, sobre todo, identidade dun pobo.

O noso deber moral é coidalos igual que coidamos a eses maiores que tanta sabiduría nos aportan. O noso deber é coñecelos para saber de onde vimos e o noso deber é desfrutalos e, así, garantir a súa conservación.

A Escravitude

Igrexa de estilo barroco datada no século XVIII. Séculos despois, a auga segue emanando da súa fonte e, como na lenda, peregrinos e fregueses beben para pedirlle a Virxe que sanen dos seus males.

Igrexa de Santa María de Herbón

Igrexa románica do século XII, destaca a súa grande altura e boa conservación. Tamén coñecida por estar situada no “Qm. 0” dos pementos.

Macías O Namorado (Xardín Botánico)

Macías foi o último gran trobador da lingua galega “nasçido en las faldas dessa agra montana”, referíndose probablemente ao Pico Sacro. Trobador e incansable namorado da súa Elvira. Nin sequera prisioneiro deixou de cantar ao amor ata que foi mandado matar.

Convento do Carme (XVIII)

Actualmente habitado polos dominicos. Destaca a súa imponente situación en rocha viva, que fai que as panorámicas da bisbarra engaiolen.

Cemiterio de Adina (Iria Flavia)

Neste cemiterio está enterrado o premio Nobel de Literatura Camilo J. Cela. Tamén foi soterrada aquí Rosalía de Castro, antes de ser trasladada ao Panteón de Galegos Ilustres. Un dos cemiterios máis fermosos de Galicia.

M.ª JESÚS GARCíA VÁZQUEZ
CLíNICA:DENTAL
Odontología general
Prótesis
Estética dental
Ortodoncia
Cirugía e implantes
Radiología digital
Odontología general
Prótesis
Ortodoncia
Estética dental
Cirugía e implantes
Radiología digital
M.ª JESÚS GARCíA VÁZQUEZ
CLíNICA:DENTAL
Tfno. 981 811 832
C./ Rosalía de Castro, Nº 20
15900, Padrón, A Coruña
Nº Colegiado - 596
Nº Registro Sanitario - C15002206
Miembro de la Sociedad Española de Ortodoncia - SEDO
www.clinicamariajesusgarcia.com

CONSTRUCCIONES
SECO MATO S.L.
secomato@wanadoo.es
Móvil 660 42 50 96 • Tel y Fax 981 81 01 31
Fonte Vilar, 6 Bajo • 15981 LESTROVE • DODRO

CARNICERIA
COUSO
CHARCUTERIA
Avda. Compostela, 55 bajo
15900 PADRÓN (A Coruña)
Tfno. 981 81 08 89
Móvil 636 47 39 48

HOTEL ROSALIA
TODAS SUS HABITACIONES DISPONEN DE:
TV. SATÉLITE, CALEFACCIÓN,
TELÉFONO DIRECTO, HILO MUSICAL
Y BAÑO COMPLETO
CAFETERÍA Y RESTAURANTE
SALÓN SOCIAL

Rúa Maruxa Villanueva, s/n
Teléfono 981 81 24 90 - Fax 981 81 24 92
15900 PADRÓN (La Coruña)

AS LIDAS DE XOVENCOS NA VILA DE PADRÓN 1754-1916

Eloy Rodríguez Carbia

As lidas gozaron sempre de grande popularidade na vila padronesa, só en contadas ocasións deixaron de celebrarse. No ano 1754, durante o reinado de Fernando VI, produciuse unha ameaza de suspensión por mor dunha epidemia no gando vacún[1], mais o goberno municipal de Santiago de Compostela dirixiríase ás xustizas provinciais instando o levantamento da suspensión nas vilas de Santiago, Pontevedra, Noia e Padrón. Tras numerosas peticións apoiadas, tamén, polo arcebispo da diócese, o 16 de xuño o monarca decide levantar a prohibición e autorizalas[2].

Por esta época, no Concello de Padrón celebrábanse cinco feiras anuais[3], mais só na festividade relixiosa do Corpus Christi[4] había lidas de xovencos, e isto era así porque, cando se licitaba anualmente o abasto de carnes da Vila[5], unha das condicións, en forma de cláusula que se lle impuña ao adxudicatario do ramo, era que debería aportar, segundo costume, na antevéspera ou véspera do Corpus Christi, dúas reses para capear o día da festividade pola tarde, para que serviran de diversión ao público asistente. Outra condición que se impuña era que non podía beneficiarse delas, polo común, na contadoría pública[6].

Durante o reinado do monarca Carlos III (1759-1788), os ilustrados non eran partidarios dos espectáculos taurinos, porén na vila de Padrón seguían a permitirse por tradición e pola aceptación que se mantiña desde antigo entre a súa poboación. As lidas padronesas tiñan como norma específica que debían ser sen morte, é dicir, non se mataba o xovenco[7]; as reses unha vez lidadas soltábanse no monte para que puidera aproveitarse dela a veciñanza.

As Cortes de Cádiz de 1812 estudan suprimir as festas que se celebraban en Galicia ao consideralas unha perda de tempo e unha escusa por parte dos labradores para non traballar. Os constituíntes considerábanas celebracións propicias para borracheiras e leas entre os asistentes e non servían de lugar de relación, nin para coñecer os prezos do gando nin dos produtos do campo. Diante desta situación o Concello de Padrón faille chegar un informe ás Cortes alegando que na vila celebrábase unha feira moi antiga, á que viñan mercar gando, especialmente mular, os naturais dos diferentes reinos e provincias: Andalucía, Castela e León, etc. A feira cabalar, mular e de gando

[1] Pérez Constanti, P: Notas viejas galicianas
[2] Bartolomé Rajoy Losada , arcebispo da diócese de 1751 a 1772
[3] No catastro do marqués de la Ensenada (1752): Pascua de Resurrección (variable) que duraba 4 días, San Xoan Anteportam Latinam (maio), Letanías (maio), 8 de setembro e Todos os Santos, nas que se realizaban transaccións de gando vacún e cabalar.
[4] O Corpus Christi celébrase 60 días despois do Domingo de Resurrección
[5] Na que se fixaba anualmente o prezo da carne por semestres.
[6] AHM. Acta sesión plenaria 11/07/1775
[7] AHM. Acta sesión plenaria 10/07/1784

duraba tres días, a de panos e drogaría prolongábase durante toda a semana[8]. O informe debeu de valorarse polos deputados constituíntes porque as festas de Pascua continuaron a celebrarse con normalidade, o que permitiría que chegaran ata hoxe.

En 1827[9] celebrábanse na Vila catro funcións festivas e os arrendatarios dos ramos deberían entregar dezaseis xovencos e formar barreiras. No caso de non celebrarse lidas, entregarían o equivalente do seu custo en metálico ao concello. Por vez primeira as corridas de xovencos non só se realizaban no Corpus, senón tamén nas restantes celebracións festivas. Durante todo este período só unha vez deixaron de celebrarse; foi neste ano e como consecuencia dos acontecementos de Portugal[10]. As autoridades municipais acordaron suspender todos os actos, excepto os eclesiásticos. Os arrendatarios só pagarían a metade do que lles correspondía, ao non ter que presentar as reses e facer as barreiras para protexer o público. Da cantidade a satisfacer entregarían 300 reais aos padres carmelitas, mentres que a restante destinaríase para outras funcións e para a reconstrución da ponte Santiago, co cal se da por rematada a sesión.

O doce de febreiro de 1916, don José Abalo Otero, veciño e industrial do Concello de Valga, presenta unha solicitude para construír unha praza provisional de madeira na propiedade inmediata ao macelo[11] na paraxe coñecida como Fondo de Vila, para celebrar as corridas de xovencos nas festas da Pascua. Por tal motivo, asínase un contrato entre o concello e o industrial por ser de grande beneficio para a

localidade a construción da praza provisional de madeira polo grande número de forasteiros que atrae o espectáculo. Dilixencia a solicitude o secretario municipal don Jesús Gómez en data 16 de febreiro e pasa para informe da Comisión de Policía que, reunida o día 20 dese mes, informa favorablemente a petición; asinan o informe o alcalde don Luís Piñeiro, don Santiago Ferreiro e don Serafín Carlés.

Na sesión plenaria do 23 de febreiro autorízase o proxecto e asínase o contrato de arrendo entre o alcalde don Luís Piñeiro, en representación do concello, segundo autorización que lle concede a corporación municipal, para alugar unha parte da parcela de Fondo de Vila por cinco anos e cunha renda de 40 pesetas por anualidade. Ponse como cláusula que ao remate do período de vixencia deixarase o terreo desocupado, libre de todo obstáculo e en condicións de poder destinalo novamente ao cultivo. Asinan o alcalde don Luis Piñeiro, o licitador don José Abalo e as testemuñas don Camilo Vidal Braña, desta veciñanza, e don Adolfo Cardama, do Concello de Dodro[12].

[8] Rodríguez González, A.: Pregón festas de Pascua de Padrón 1989
[9] AHM. Acta sesión 23/04/1827
[10] Intervención absolutista española en Portugal (1826-27) que acaudillou o xeneral Francisco Longa
[11] Actual Praza de Abastos
[12] AHM. Expediente: 986/5. Ano 1916

CRISTALERÍA PADRONESA

DEJANDO HUELLA
1984

SGG CLIMALIT® PLUS

Visítanos en:
Escravitude, Padrón - A Coruña 981 803 519
www.cristaleriapadronesa.com - info@cristaleriapadronesa.com
síguenos en facebook

CARPINTERÍA
BUXAÍNA
CARPINTERIA
EN GENERAL
PUERTAS - COCINAS - PISOS
ESCALERAS - PASAMANOS
ARMARIOS EMPOTRADOS
CABINA DE BARNIZADO
MUEBLES A MEDIDA
PIDANOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO
EXTRAMUNDIS/N PADRÓN (La Coruña)
TELF.: 679 176 527 / FAX: 981 81 15 22
carpinteria.buxaina@hotmail.com

Peluquería
María
Teresa
Fondo de Vila 6 - Barro (Pontevedra)
Tel.: 981 81 05 13

ARREBATO
complementos
PLAZA MACÍAS N.º 1
PADRÓN

Peluquería
de caballeros
Amado
Teléfono 619 94 25 72
Enfrente al Parque Infantil
PADRÓN

RESTAURANTE

Gran Chaparral

ESPECIALIDAD EN COMIDAS CASERAS
ALQUILER DE HABITACIONES

Pazos porta dos mariños
Telf. 981 81 06 09 - Móvil 637 562 516

TALLERES R. CASAL S.L.

TALLER DE REPARACIÓN MULTIMARCA

- REPARACIÓN GENERAL DEL AUTOMÓVIL
- VENTA DE VEHÍCULOS DE OCASIÓN
- DISPONEMOS DE VEHÍCULOS DE SUSTITUCIÓN
- VENTA Y REPARACIÓN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA Y DE JARDINERÍA
- REMOLQUES DE TODO TIPO Y A MEDIDA
- ENGANCHES DE REMOLQUE PARA COCHES

Tlf. 981 811 154 / 649 625 813
www.talleresrcasal.com

Talleres R. Casal S. L.
Pazos-Padrón

Servicio permanente de tanatorio
Atención personalizada por personal cualificado
Trámites y gestiones tras el fallecimiento
Traslados nacionales e internacionales
Incineraciones
Tanatopraxia y tanatoestética
Embalsamiento y conservaciones transitorias
Exhumaciones de restos
Lápidas e inscripciones
Esquelas y recordatorios
Coches de acompañamiento
Floristería
POMPAS FÚNEBRES DE PADRÓN
Tanatorio Iria Flavia
Tanatorio Municipal de Volga
aflavia®
pompasfunebresdepadron.com

RESTAURANTE

Fogar de Breogán

ESPECIALIDAD EN CARNES Y PESCADOS

PAZOS - Teléf. 981 81 11 34
PADRON (La Coruña)

Dr. Angel Lucas Lucas

MEDICO

Avda. Pontecesures 13 - 1º I
15900 PADRÓN

Teléfono: 981 81 13 36
Móvil: 629 74 52 70

NUEVA TIENDA ONLINE

TIENDA Y RESTAURANTE
Avda. de la Estación, 9 Bajo
Telf. 670 59 99 61
15900 PADRÓN

VINOTECA
TAPERIA
Ría Real, 25
15900 PADRÓN

www.osecreto.com

CAFE BAR
AICLA GALICIA
AVDA. COMPOSTELA, 32 - 15900 PADRÓN
TELF. 663817376

CRESPOCAR

- MECÁNICA RÁPIDA
- NEUMÁTICOS
- FRENOS
- AMORTIGUADORES
- DIAGNOSIS
- ALINEADOS DE DIRECCIÓN
- CARGA A/A
- ACEITES

AV.COMPOSTELA Nº11
PADRÓN 15900
A CORUÑA

TLFNO: 981811551

A CAPELA DE SANTIAGO NA COLEXIATA DE IRIA

Justo Cortizo Sóñora

O 14 de Agosto de 1559, os cóengos da colexiata de Iria firmaron un convenio con Leonardo Plan "El viejo", polo cal os cóengos cederon a Leonardo Plan a Capela de Santiago, situada dentro da Colexiata de Iria ao entrar a man dereita e, ao mesmo tempo, obrigouse a cantar as vésperas de Santiago de decembro cada ano pola ánima de Leonardo. Pola contra, este daba ao cabido unha carga de pan que recibía de Alonso e Juan Pardal, veciños de Dodro, e además dáballes unha gratificación en metálico aos cóengos que asistiran a misa.

O documento que reproducimos é un resumo do texto orixinal que é máis extenso, confuso e de difícil comprensión, e que forma unha unidade con el, ao estar cosidos ambos os dous.

En 14 de Ag.to de 1559: Vieren como en el coro alto de la Ig.la Colegial de N.ra S.ra S.ta Maria de Yria, de la Villa del Padron, Lug.r Capitular: estando juntos, y congregados en Cavildo, los muy rever.dos Señor.s Álvaro Soutiño, Francisco de Sanbreixo, Pero Garcia y Gregorio Martinez can.os y beneficiados de la dha Ig.la parecio pres.te Lionardo Plan, vez.o de la dha Villa; e dijo, q.e el, ansi p.r descargo de su anima, y conciencia; como p.r otras causas que a lo ynfra escrito le movian; y p.r la obligaz.on q.e tenia a la dha Yg.la y principalm.te con intención de servir a Dios, y a N.ra S.ra y tamb.n p.r la devocion q.e tenia al Glorioso Apostolo S.or Santiago: su ynten.on, y deliverada voluntad hera, de dar en donacion a la dha Ig.la, y su Colegio perpetuam.te p.a spre. jamas, una carga de centt.o limpio de polvo y paja, p.r la medida dra. (derecha) de Avila, señaladam.te de renta sisa, y cierta, en el lug.r y casal donde viven Alonso Pardal y Juan Pardal, vez.os de la fra. de Santa Maria de Dodro, q.e en cada un año, ellos le devian y pagaban p.r virtud de cartas de compra, q.e p.r ante el pres.te Nott.o, ellos le havian echo; y se apartaba del Dro. (derecho) de la dha carga de cent.o, y lo cederia y trespasaria en la dha Ig.la y su cavildo; con q.e sus mercedes, le dejasen p.a el, y sus here.os y descendi.es la Capilla q.e está dentro de la dha Iglesia, entrando en ella, a la mano Dr.cha, en donde el tenia sus sepulturas, y puesto en el Altar de la dha capilla, la Ymagen de S.or Santiago, p.a q.e el e sus descendi.es, pudiesen rredificarla mejor, y sepultarse junto a ella; y conq.e spre.los s.es can.os de la dha Ig.la q.e agora eran y fuesen dende en delante, fuesen obligados en cada un año, decir en el dho Altar de la dha capilla, una misa cantada y con su tañer de organo, haviendo tañedor p.r su anima, y de sus sucesores, p.r cada dia 24 de Santiago, q.e es en las othabas de cada dia de Navidad, con su responso y agua bendita s.re sus sepulturas; y ansi mismo dezir las visperas cantadas con el dho organo; las quales acavadas; él, y desp.s dél; sus here.os y descendientes, les darian a los canonigos q.e se allasen pres.tes una cola.on modificada conforme a sus p.nas; y con q.e ansi m.o en los Dias de su vida, les pagase p.r raz.on de la dha Missa, y visperas, veinte rr.s de plata, a los canonigos q.e a ello fuesen, y estubiesen pres.tes; y desp.s de su muerte, ubiesen y llebasen la dha carga de Z.no p.r via de Aniversario, p.a spre. y q.e siendo dello sus Merd.s servidos, luego

desistiria de lo suso dho; y p.r su p.te haria y otorgaria la ess.ra q.e p.a firmeza dello convenia.

Y p.r los dhos señor.s can.os visto lo suso dho; y como lo q.e el dho Lionardo Plan dezia; y pedia, era en provecho universal dellos, e de sus subcesores; y en acrecentam.to de los Vi.es y R.tas de la dha Iglesia respondieron al dho Lionardo Plan, q.e les plazia, de luego dende en adelante, decir la dha Misa, y visperas, y responso, todo ello cantado, con la solenidad q.e pudiesen, en cada un año, p.r el dho dia, de S.or Santiago, los q.e se allasen e quisiesen estar presentes, p.r la dha carga de centt.o y en los dias de su vida, p.r los dhos veinte rr.s e q.e haz.do el dho Lionardo Plan la dha ess.ra q.e combenia, ellos, p.r p.te de la dha Ig.la, se obligaban de cumplir todo lo arriba dicho.

Atento lo qual, p.r el dho Lionardo Plan, y poniendo en efecto su buen proposito, dijo: otorgaba, y conoscia p.r esta pres.te carta, q.e de su propio moto y voluntad, p.r las causas dhas, y p.r q.e el s.or Santiago fuese su Abogado; por si, e p.r todos sus here.ros, e subcesores q.e desp.s del biniesen, y descendiesen: Dende oy el dia del otorgam.to desta ess.ra en adelante, daba y donaba e dió, y donó a la dha Ig.la y canonigos della, perpetam.te p.a spre. jamas, la dha carga de cent.o de R.ta sisa, y cierta, la qual, le asiñaba en el dho lug.r dos Pardaás, en casa de los dhos Afonso Pardal, y Ju.o Pardal, vez.os de la dha fra. de S.ta Maria de Dodro q.e el les habia comprado, y en cada un año le pagaban p.r la medida dra. de Avila , p.a q.n desp.s de sus dias, el dho cavildo p.a spre. la ubiese, y llevase; y en quanto mas necesario hera, dende ahora p.a entonzes, mandaba a los dhos Afonso Pardal, y Ju.o Pardal, y a sus herede.s acudiesen al dho Cavildo, en cada un año, con la dha carga de Z.o, sin ello poner embargos, ni dila.on alg.a y el Lionardo, obligó a cumplir con lo mas rreferido – Poniendo por condicion, q.e si los dhos canonigos, no dijesen asi la dha Misa, q.e p.r el m.o caso, perdiesen la dha R.ta, y sus herederos la ubiesen y gozasen; y hiciesen decir p.r el dho dia de Santiago la dha Misa, y visperas, e gozasen la dha Renta.—e no queriendo los dhos sus herederos cumplirlo, que entonzes, la Obra, y Fabrica de la dha Iglesia ubiese, e gozase p.a spre. la dha carga de cent.o y con esta condiz.on p.a q.e mejor lo suso dho se cumpliese, hazia e hizo esta donación a la dha Iglesia -comprende las mas clausulas naces.as.

Seg.n pasó esta ess.ra ante Ant.o Rodrig.z Nott.o y Es.no pp.co del num.o de la Villa del Padrón, y su x.n de q.n se alla signada y firm.da su copia, en 3 ojas."

Este documento o que nos di é que a capela de Santiago que estaba dentro da Igrexa de Iria é a que hoxe coñecemos como a Capela do bispo de Quito, posto que un dos descendentes de Leonardo Plan foi Juan Nepomuceno Gutiérrez de la Peña, quen á súa vez tamén era familiar de Alonso de la Peña Montenegro, bispo de Quito.

O mesmo bispo de Quito cando funda as Capelanías, obras Pías e Patronato, o 15 de Xaneiro de 1679, ante o escribán Juan de Arce na cidade de Quito, recoñece que a capela pertencía aos seus antepasados: *Reedificación de la capilla que en la Colegiata de Iria había fundado uno de sus antepasados, ampliándola lo que fuere necesario, y en ella se ponga un altar con las imágenes de los santos de su particular devoción, que eran la Santísima Virgen entregando la casulla a San Ildefonso, Santa Leocadia, San José, San Antonio de Padua y el Ángel de la Guardia; además, había de hacerse un enterramiento para trasladar allí las cenizas de sus padres y abuelos y las suyas, cuando muriere...*

SUMITESA
.com

Parque empr. de Pazos, 36
15917 **Padrón**
(A Coruña)
T. **981 80 98 09**
F. 981 10 41 71
sumitesa@sumitesa.com

DON ARREGLO

Ahora también
servicio de tintorería!

TU ROPA A PUNTO

PADRÓN	BERTAMIRÁNS	RIANXO
☎ 636 57 67 51	☎ 660 43 61 73	☎ 674 69 01 65

WWW.DON-ARREGLO.COM

RETRO

Rúa Vidal Cepeda - PADRÓN

TRANSPORTES ESPECIALES,GRUAS PEQUEÑO Y GRAN TONELAJE,SERVICIO PERMANENTE

EQA 9001

OFICINAS:

ESCLAVITUD: Tel.: 981-89 35 60 FAX: 981-89 35 58

SANTIAGO (Pol. del Tambre) Tel.: 981-50 98 06

PONTEVEDRA: Tel.: 649 90 14 00

GRUAS ESTACIÓN 5 000 000

www.gruasestacion.com

Carrais

